

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día trinta e un de maio de dous mil trece, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, ausentouse do salón de sesións na votación do punto noveno da orde do día, regresando a continuación.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2013.-**

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de abril de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**2º.- RENUNCIA DE DON JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO Á PRESIDENCIA DO INORDE.-**

O Sr. presidente anuncia que este punto se debaterá conxuntamente co seguinte (como se acordou na Xunta de Portavoces) aínda que a votación será por separado.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

A continuación, o Sr. secretario dá lectura, en primeiro lugar, ao ditame favorable da comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, referente ao punto segundo da orde do día. Seguidamente dá lectura ao ditame favorable da mesma comisión informativa, referente ao punto terceiro da orde do día.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Manuel Freire Couto, do Grupo Popular**, manifesta que esta renuncia fai efectivo o que planificou a Presidencia no Plan Ourense 92, no que se prevía tomar esta decisión para racionalizar a xestión da Deputación de Ourense (neste caso o INORDE). Quere, en primeiro lugar, expresarlle o seu agradecemento á Presidencia da Deputación por confiar nel para o cargo. En segundo lugar, quere agradecerlles aos deputados compañeiros, que o apoiaron reiteradamente na súa misión. E en terceiro lugar, agradecerlle ao persoal co que tivo a sorte de traballar durante estes oito anos, posto que todo o que se fixo no INORDE hai que atribuírlo ao seu traballo. A nivel persoal, supúxolle un gran enriquecemento, porque puido ver como se xestionaba un organismo público con eficacia, con eficiencia e con rigor. Un dos grupos da oposición desta Deputación pasou onte polo INORDE para recoller unha documentación, pero fixeron unha crítica total e absolutamente destrutiva antes de estar documentados e sen fundamento. Supón que agora que dispoñen da documentación, e se o estiman oportuno, poidan rectificar. Está seguro de que non vai ser así, pois a oposición desta Deputación caracterízase, basicamente, pola pateadura, porque aínda non tiveron a oportunidade de gobernala, e todo lles vale con tal de desprestixiar ao que goberna, algo que non é lóxico, pero é o habitual e desde o seu punto de vista non é entendible. Tivo a honra e a sorte de estar ao cargo dun organismo que nos últimos anos conseguiu para a provincia una serie de proxectos por un total de preto de sesenta millóns de euros, xestionados con recursos alleos á Deputación. Con isto quere dicir que se este organismo non existise probablemente eses investimentos non se terían feito. Dá unha serie de datos, porque é como mellor se poden contrastar as cousas: fíxose cargo da presidencia do INORDE en 2005, ano no que o orzamento do INORDE era de 1.900.000 euros, e o orzamento executado nese ano foron 8.299.000 euros (máis de seis millóns a maiores); en 2006, o orzamento era de 2.300.000 euros e executáronse 4.685.000 euros; en 2007 o orzamento era de 2.604.000 euros e executáronse 5.738.000 euros; en 2008 executáronse dous millóns e pico máis de euros que os orzamentados; en 2009 case un millón máis; en 2010 un millón douscentos mil máis; en 2011 un millóns máis; e en 2012, 1.488.000 euros máis. Todo isto foi

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

posible grazas ás xestións feitas desde o INORDE, que non só xestionou isto, senón que tamén xestionou proxectos que executou a Xunta de Galicia, proxectos que xestionou a Deputación, que entre todos superan os sesenta millóns de euros. A xestión de proxectos europeos desde o INORDE ascendeu a case 41.000.000 euros. Todo é discutible e todo é mellorable, pero el séntese satisfeito e orgulloso de ter presidido un organismo que fixo actuacións en toda a provincia e en todos os concellos dun xeito ou doutro e que, ademais, fixo actuacións en solo industrial en todos os parques da provincia por un importe superior aos 6.000.000 euros, o que supuxo un total de 232 actuacións en parques empresariais como subvencións a empresas. Esta xestión supuxo para a provincia case dous mil postos de traballo (1.723 para se exactos), repartidos do seguinte xeito: no Carballiño subvencionáronse 24 empresas (132 postos de traballo), cun investimento do INORDE de 382.000 euros. En Celanova subvencionáronse 18 empresas (113 postos de traballo), cun investimento de 305.000 euros. En Allariz 15 empresas (53 postos) e 165.000 euros. No Parque Tecnolóxico 16 empresas (565 postos), 1.991.000 euros. Pereiro de Aguiar 72 empresas (427 postos), 200.000 euros. No Barco de Valdeorras 15 empresas (32 postos) e 325.000 euros. Ribadavia 7 empresas (98 postos) 345.000 euros. San Cibrao das Viñas 11 empresas (47 postos) 257.000 euros. Verín 8 empresas (67 postos) e 139.000 euros. En Vilamarín 13 empresas (85 postos) e 380.000 euros. Vilar de Santos 6 empresas (16 postos) e 380.000 euros. En Xinzo de Limia 25 empresas (85 postos) e 632.000 euros. Na Cidade do Transporte 1 empresa (26 postos) e 103.000 euros. En Sarreaus 1 empresa (3 postos) e 33.000 euros. Loxicamente isto non é suficiente pero o INORDE esforzouse por poñer a disposición das empresas solo industrial barato. O INORDE cuadruplicou o seu investimento real co seu orzamento. Con isto quere dicir que non se poder facer a demagogia que se fixo unha e outra vez co orzamento do INORDE en canto ao capítulo de investimentos (3.000 euros para 2013), xa que o orzamento de investimentos do INORDE non procede do orzamento ordinario, senón que procede de recursos alleos. Xa lle gustaría a el que todas as institucións que presiden os que están presentes neste Pleno tiveran a capacidade para xerar os recursos alleos que se xestionaron desde o INORDE, se fose así a esta provincia outro galo lle cantarían. Todos os que están no Pleno son políticos e deberían ver como se xestionan os concellos e despois falar e criticar. Á parte disto, en todos estes anos o INORDE fixo actuacións de promoción turística en practicamente todos os concellos (sobre unhas 100 actuacións ao

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

ano), como a promoción do rural da Limia (centro agro-gandeiro de Xinzo). Cre que o INORDE é un organismo necesario, útil e indispensable.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que despois de oír ao Sr. Freire danlle ganas de pedirlle que se quede. Hai que recoñecer que no Partido Popular foron, de sempre, pero agora de xeito sobranceiro, uns verdadeiros labregos da linguaxe na súa utilización perversa, para darlle o ton e o sentido que pretende. Isto non é nada novo, pois xa hai moitos anos, alguén dixo que o fuel que saía dun barco embarrancado nas costas galegas, que provocou a maior catástrofe ecolóxica da historia do noso país, eran “*hilillos de plastilina*”. O certo é que neste novo dicionario que están a traballar crea un gran dispendio de imaxinación, que ten múltiples exemplos. Á fuga de cerebros chámanlle “mobilidade exterior”. O exilio forzoso dos nosos mozos e mozas non é debido á ausencia de políticas do goberno e falta de expectativas laborais, senón que é debido “*al impulso aventurero de la juventud*”. Ao rescate chámanlle “liña de crédito”, “empréstito en condicións favorábeis” ou “apoyo financeiro”. Aos desafuzamentos, “procedementos de execución hipotecaria”. Á recesión, “crecemento económico negativo”. Á suba do IVE, “gravame adicional”. Aos bancos malos (como se houbera algún bo), “vehículos de liquidación a longo prazo”. Labregos da linguaxe, igual que acabamos de oír, que dá gusto ver como está esta provincia grazas ao INORDE. A amnistía fiscal chámanlle “medidas excepcionais para incentivar a tributación de rendas non declaradas”. Aos recortes, “reformas estruturais” Á reforma laboral, “flexibilización do mercado laboral”. Á nacionalización da banca, “participación”. Ao repago, “copago”. Aos aforradores e aforradoras estafados polas preferentes e subordinadas chámanlle “investidores en produtos financeiros de elevado risco”, etcétera. Hai que recoñecerlles que son uns fenómenos, pero hoxe José Manuel Freire Couto di que renuncia e iso é mentira, non renuncia, porque o mesmo que o Sr. Freire nunca iría a Facenda a dicir “quero que me cobredes máis porque son *cojonudo*”, tampouco iría nunca onde o Sr. presidente dicirlle “quero renunciar a esta *mamandurria* porque son *cojonudo*”. Aquí non hai ningunha renuncia nin ningunha reestruturación do organismo como se pretende dar a entender, a realidade e a verdadeira razón da aceptación da renuncia do Sr. Freire sábena perfectamente e non é outra que a imposibilidade de manter a unha persoa que defraudou á facenda, que pesan sobre el moitas dúbidas sobre o importante patrimonio acumulado durante todos estes anos de actividade política nos distintos chanzos de responsabilidade. É dicir, isto é un cesamento en toda regra.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Un cesamento que pon de manifesto o que xa é vox populi (incluído o Sr. presidente) que é ridícula a cantidade que utiliza o INORDE para investimento, que é unha barbaridade o que cobra o presidente do INORDE e que non é un modelo de comportamento (palabras do presidente da Deputación). Por iso, para o BNG este cesamento non é satisfactorio e o único que ten de positivo é que a partir de hoxe hai un *mamandurrias* menos no erario público. Pensan que o Sr. Freire non debería seguir un minuto máis como deputado, porque se non é un modelo de comportamento para o INORDE tampouco o é para ser deputado provincial. Cren firmemente que o problema do INORDE non se resolve coa súa saída e cambio por outro presidente, senón coa súa definitiva supresión, polas razóns que o BNG ten manifestado desde hai moitos anos. Por iso, aínda que poida parecer paradoxal, e debería ser un motivo de satisfacción para o BNG a marcha do Sr. Freire Couto, vanse abster, polas razóns anteriormente expostas. En todo caso, o que lle piden unha vez máis ao señor presidente é que acorde co señor Freire, nesa linguaxe que os caracteriza, un cesamento temporal da convivencia política do Sr. Freire Couto, cousa que lle agradecerían os cidadáns de Ourense.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** dille ao Sr. Freire Couto que hai que ter un mínimo de clase ata para irse e non vir acusando aos grupos da oposición de algo que o seu grupo reclama hai meses, a súa dimisión. A realidade é que agora non dimite, senón que o cesan. O seu grupo visitou onte o INORDE e vai ser prudente, porque a escusa que utilizan sempre de poñer aos traballadores de parapeto a el non lle vale porque el non desconfía do traballo dos traballadores. Non vai dicir as cousas que lle contaron onte porque ao mellor podería demostrar que o Sr. Freire mentiu nesa tribuna falando dalgún investimento. Sería bo que (agora que o cesa o Sr. presidente) o fichara Rajoy, para ver se acababa co paro porque é un fenómeno. Pregúntase cómo lle pode dicir a el que crearon 98 postos de traballo en Ribadavia porque non sabe onde están esas empresas. Pensa que é unha tomadura de pelo para os cidadáns facer esa defensa que acaba de facer o Sr. Freire. Ten que recoñecer que dixo unha verdade: que foi moi enriquecedor, pero seguro que foi moi enriquecedor para o Sr. Freire, xa que cobraba nese traballo por non facer nada. Non se pode culpar aos traballadores nin á oposición da mala xestión, porque o responsable de que se faga un bo traballo o mínimo que ten que facer é ir polo lugar de traballo, e o Sr. Freire non o facía. A postura do Grupo Socialista e o seu voto vai ser diferente en cada un dos puntos que se tratan. Dille ao Sr. presidente que en política está ben recoñecer os erros, aínda que tarde e só en parte, porque este cesamento xa se podía ter feito

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

antes. O Sr. presidente non dixo a verdade cando se referiu a que a dimisión era persoal, porque isto non é unha dimisión senón que é un cesamento. Cesamento que o Sr. presidente se negou a realizar cando llo reclamaron no mes de marzo, porque non lles quería dar a razón. Que ninguén se leve a engano, isto non é consecuencia do que dixo o Sr. presidente nun programa de televisión (puido axudar), a realidade foi que o traballo do Grupo Socialista (tanto na Deputación como no Concello de Barbadás, supoñen) fixo que se forzara a dimisión do Sr. Freire Couto, porque a situación era insostible (mala xestión, supostos casos de corrupción no concello, defraudar á facenda pública). Esta é a causa e non é un convencemento persoal. Aquí se dixo que isto é consecuencia do tan famoso Plan Ourense 92, e se isto é así, pregúntase por que non se fixo antes de aprobar o orzamento deste ano se o tiñan tan claro, e así evitaban este bochorno público que sofren día tras día e non vir vendendo que o Sr. presidente fixo que isto fose o Silicon Valley do todo o estado español, xa que ao parecer aquí temos todos traballo. Se non se fixo antes de aprobar o orzamento foi porque non había intención e tivo que ser o Grupo Socialista o que lle fixo tomar esta iniciativa ao Sr. presidente para cesar ao Sr. Freire Couto. Dille ao Sr. presidente que apunte nese folio en branco que mostrou no seu día sobre as achegas da oposición, outra iniciativa máis do Grupo Socialista, porque está facendo caso as cousas que eles lle propoñen (granxas de cabalos, Urbaourense, INORDE ...). Non é satisfactorio o cesamento do Sr. Freire Couto, porque lles gustaría que este señor tivera unha conduta irreprochable como cargo público (nada que dicir como persoa) e á vista dos acontecementos non debería estar nin un minuto máis no cargo, nin debería seguir como deputado provincial nin como alcalde e temen que isto non acabe aquí. Non terían problema en que o señor Freire cobrase esa dedicación, pero en canto ás axudas de custo (outra iniciativa do Grupo Socialista para anotar no folio en branco) agora si recoñecen que non se poden (ou non se deben) cobrar cando se ten outra dedicación exclusiva. As condutas deben ser exemplares e o seu grupo tería aplaudido se a realidade da provincia fose a que contou o Sr. Freire, pero a realidade é que a provincia está no furgón de cola e o INORDE non foi máis que un *chiringuito* para certos agraciados que están traballando nel.

**D. José Manuel Freire Couto, do Grupo Popular**, di que a oposición ten un punto de vista catastrofista, e xa que incluíron no debate a súa xestión como deputado e como alcalde, quere dicir que a súa xestión, ata o de agora, foi irreprochable e ninguén lle pode dicir nada. Leva 26 anos en política e ganando os 26 anos por maioría absoluta. Nunca tivo a máis mínima

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

tacha e se todos fixeran como fai José Manuel Freire Couto coa xestión pública e política, este país non estaría como está. En todas as administracións que el xestiona están con déficit cero, débeda cero e o Concello de Barbadás ten un crecemento anual de preto do 10%. Pídelle á oposición que busquen un concello na provincia ou en Galicia que teña ese crecemento anual. O día 29 de maio saía unha nota nun diario que poñía: os 92 concellos lles deben a todos os seus provedores máis de 109 millóns de euros. Destes concellos, Ribadavia (do que forma parte de goberno o portavoz do Grupo Socialista), por exemplo, pasou de ter unha débeda en 2011 de 1.800.000 euros a 3.700.000 euros; Allariz (que goberna o BNG) pasou de ter unha débeda de 2.800.000 euros a 4.700.000 euros, Barbadás (que xestiona el) pasou de ter unha débeda de 300.000 euros a 0,00 euros. Ao día de hoxe, Barbadás é un dos concellos máis saneados do país porque non ten débeda, pero isto non implica que non dea servizos. Noutro diario saíu outra nota a semana pasada, na que se recolle a repercusión que ten Barbadás en función do número de habitantes, e segundo ese periódico Barbadás é dos grandes concellos da provincia de Ourense que menos traballadores ten con relación ao número de habitantes, é dicir, a súa xestión non debe ser tan desastrosa cando os diarios se fan eco dela. Séntese tremendamente satisfeito coa súa xestión pública e ata o de agora os veciños o avalaron e téñeno ratificado durante sete mandatos consecutivos por maioría absoluta, algo que para el é un orgullo persoal e político.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que oxalá se puidera fichar como no fútbol, porque o ficharían para Celanova, dado que os compañeiros do Sr. Freire teñen Celanova na ruína e el é un crack. Pídelle ao señor presidente que non prolongue máis a agonía innecesaria do INORDE, que xa naceu practicamente morto, e o único que vai conseguir é agrandar máis o burato económico deste pozo sen fondo que tras 25 anos, e logo de ter manexado máis de 40 millóns de euros, non conseguiu que os parámetros da provincia medraran en termos económicos comparativos con outros territorios. Pregúntase cómo se pode seguir mantendo un organismo que dedica máis do 74% do orzamento a pagar nóminas e dedica 3.000 euros a investimento, iso si, agora disfrazados cunha achega de 90 mil euros máis. Por non ter non ten nin diñeiro para acometer os gastos xerais como combustible, abastecemento enerxético, limpeza, tendo que recorrer a un expediente de modificación de créditos de máis de 242.000 euros, xustificado baseándose nun remanente de Tesourería que, como saben perfectamente, non existe, esa é a realidade do INORDE e non o que conta o Sr. Freire, que está

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

vivindo nun mundo paralelo Por iso, volven pedirlle ao Sr. presidente que tome unha decisión valente e que liquide ao organismo que non cumpre ningún dos obxectivos para o que foi creado, e que o único papel que cumpriu desde a súa creación foi a de ser unha parte importante no deseño dunha rede clientelar de enormes proporcións, dándolle acubillo, como traballadores e traballadoras, a unha cantidade moi importante de persoas, que non achegaron máis mérito que a súa pertenza ao partido que preside o Sr. Baltar Blanco. Deséxalle longa vida ao cesado, que tiña a oportunidade de marchar con elegancia e nin sequera foi capaz diso.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que os votos non validan todo e non validan as actitudes, porque hai moitas cuestións da historia que tamén se conseguiron con votos (non quere dicir cales). Non lle estraña que o INORDE estea mal coa xestión política do Sr. Freire, que gana 60.000 euros por cero días traballados, e apláudeo porque é capaz de vivir como non viven o resto dos mortais. Hai que defender o que fai un mesmo e non escudándose no que fan os demais, e con respecto ao Concello de Ribadavia (que é un dos concellos que máis transparencia ten segundo o Consello de Contas) di que deu mal os datos, porque quen tiña a débeda dos tres millóns de euros era o Partido Popular e quen a rebaixou foi o Partido Socialista e pódeo demostrar porque el si vai ao seu traballo. Manifesta que o crecemento do Concello de Barbadás foi inversamente proporcional ao crecemento do patrimonio do Sr. Freire. O Concello de Barbadás ten un centro de saúde nun almacén de patacas, un pavillón sen abrir desde o ano 2006, non ten centro de día para os maiores, ten só cen prazas de gardería cando nacen tantos nenos. Pídelle ao Sr. Freire que cale, porque cada vez o fai peor. O punto que nos ocupa é o INORDE e se o Sr. Freire foi capaz de xestionar 60 millóns de euros como presume, foi un fracaso calamitoso, porque calquera dos que está hoxe no salón con 60 millóns de euros (que son dez mil millóns das antigas pesetas) tería feito algo pola provincia, e o Sr. Freire non fixo nada. Non se pode defender o indefendible. O Sr. Freire non renuncia aos 60 mil euros e volve traballar de médico porque si, senón que é porque o cesa o Sr. presidente. Pensa que o Sr. presidente ten que estar avergonzado da defensa que se está a facer disto e pídelle que se encargue de liquidar ao INORDE, porque ese organismo podería funcionar perfectamente dentro do organigrama da Deputación e aforraríanse moitos cartos. Non se pode presumir dunha gran xestión cando se acaba de facer unha modificación de créditos porque nin sequera hai para pagar o gasto eléctrico e só se levan cinco meses de orzamento. Anuncia que votarán a favor da renuncia do Sr. Freire Couto, porque foi o Grupo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Socialista o que pediu a súa dimisión, e en contra da designación de don José Manuel Baltar Blanco como presidente do INORDE, non pola persoa en si, senón porque o Grupo Socialista quere que se liquide este organismo. Reta ao Sr. presidente para que se comprometa publicamente a liquidar ao INORDE nos próximos orzamentos, caso no que votarían a favor deste nomeamento.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que en ningún lado da orde do día figura a palabra *cese*, senón que aparece renuncia. Se se len ben as normas reguladoras do INORDE pódense dar conta de que o presidente da Deputación non ten competencia para realizar ningún tipo de cesamento. Se se fala de renuncia é porque hai unha renuncia, que forma parte dun proceso de redefinición do INORDE, medida incluída no Plan Ourense 92, a cuxa presentación foron convidados os grupos da oposición e non asistiron, igual que non acudiron a unha iniciativa do INORDE como foi a posta en marcha do Observatorio Económico Provincial. O órgano provincial que ten que coñecer o escrito da renuncia do Sr. Freire (ao que lle agradece o seu paso á fronte do INORDE) é o Pleno provincial. Non acepta o reto do portavoz do Grupo Socialista de liquidar ao INORDE, porque este organismo ten moito que facer e é un instrumento que pode ser perfectamente útil para o desenvolvemento da provincia. O seu ánimo é facer cousas en positivo e non liquidar.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a renuncia de don José Manuel Freire Couto á presidencia do INORDE, con efectos do día 31 de maio de 2013, deixándose constancia dela.

### **3º.- DESIGNACIÓN DE NOVO PRESIDENTE DO INORDE.-**

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar a don José Manuel Baltar Blanco como presidente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) con efectos do 1 de xuño de 2013.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

O desempeño do dito cargo terá carácter gratuíto e non dará dereito á percepción de ningún tipo de retribución.

#### **4º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que defenda o seu contido.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, dá lectura á moción, co seguinte contido: en calquera situación, pero de xeito especial nunha situación de profunda crise como a que estamos a atravesar, o obxectivo fundamental de calquera administración pública deberá ser optimizar e poñer en valor os recursos dos que dispoña. O Carballiño, por fortuna, dispón dunha instalación espléndida e situada nunha paraxe única, "A Residencia do Tempo Libre". Esta residencia de lecer, está sendo infrautilizada ao longo do ano, o que significa unha perda de oportunidades de dinamización social e económica, así como unha evidente creba na situación laboral dos/as traballadores/as (fixos discontinuos), que nos períodos que permanece aberta, (cada vez menores), realizan os seus cometidos no antedito centro. Urxe pois buscar solucións que optimicen e saquen a maior rendibilidade, social e mesmo económica, desta residencia. Non hai moitos anos, á parte do cometido das estadías de lecer programadas, este centro foi referente para todo tipo de movementos asociativos, congresos, reunións corporativas, etcétera, que a través dunha participación directa da Xunta de Galiza facilitaba a realización destes eventos, permitindo o uso das instalacións. Esta utilización ao longo do ano, folga dicir, que repercutía positivamente no desenvolvemento económico, promoción da vila e a comarca, e mellores posibilidades laborais para os seus traballadores. Mesmo chegaron a iniciarse contactos para ver a posibilidade de que este recinto puidera ser un centro universitario (centro asociado da UNED) ou ben residencia de estudantes, actividades perfectamente compatibles co obxectivo xenérico da residencia, xa que estes novos cometidos se realizarían en período lectivo, (outono a xuño). Como queira que na situación actual, o futuro da residencia é moi incerto, fundamentalmente para os/as 27 traballadores/as fixos discontinuos, 6 dunha empresa privada que realiza cometidos no centro e dúas mais que levan a explotación da cafetería, merece a pena buscar solucións que culminen coa realidade de que esta instalación permaneza aberta todo o ano, e por iso, e a través desta moción, solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dun acordo, que polo ben prioritario que é o mantemento dos postos de traballo, o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

grupo proponente da moción acorda co resto dos grupos circunscribir a moción ao seguinte único punto: O Pleno da Deputación diríxese á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza para que acometa un estudo de optimización da Residencia do Tempo Libre para que esta permaneza aberta durante todo o ano, e dese xeito, garantir un emprego digno e de calidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta a súa satisfacción polo acordo dos tres grupos para intentar, espera que con éxito, que esta residencia de tempo libre do Carballiño siga desenvolvendo as súas funcións, e se fosemos quen de dinamizar ese centro podería desenvolver moitas máis, incluso se falou de que se ía rehabilitar cun importante investimento. O Grupo Socialista non entende a postura da Xunta de Galicia, a non ser que se estea buscando a privatización do servizo, algo co que estarían en contra e seguirán apoiando aos 27 traballadores. Sendo consecuentes co seu pensamento, desconfían do Sr. Núñez Feijóo, xa non por ideoloxía política, senón porque dá evidencias (como co sector naval) de que, se non minte, engana moi ben. Parécelles ben que se tome este acordo, porque estamos a falar dun centro que está na nosa provincia (pon como idea que desde o INORDE se podían dinamizar este tipo de cuestións, porque as viaxes que se facían antes eran para outro tipo de cuestións que tamén saen na prensa sobre transaccións de negocios). O Grupo Socialista non cre na Xunta do Sr. Núñez Feijóo, e non poden nin van permitir que a Xunta se desprenda de todos os servizos que lle son propios e deixar ao desamparo á xente que está baixo a súa tutela. Isto pode estar en mans do presidente, non so como presidente da Deputación, senón como presidente do Partido Popular, que é o encargado de gobernar na Xunta de Galicia. De pouco vale dicirlle á xente que está hoxe sentada no salón de plenos que os imos axudar tomando este acordo e despois que veña a Xunta de Galicia, unilateralmente, e peche ese centro. Di isto de antemán porque saben como as gasta o Sr. Núñez Feijóo e todos os seus conselleiros. Cre que deben estar todos unidos para defender ás 27 familias que son as que os necesitan.

**D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular**, saúda aos traballadores e traballadoras que asisten hoxe ao pleno, igual que asistiron na semana pasada ao pleno do Concello do Carballiño, onde se debateu unha moción similar a esta, non a moción inicial presentada polo BNG porque quen a tiña que defender non asistiu, senón unha que presentou

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

por urxencia o Grupo Socialista. Ten que dicir que se está a falar da gran descoñecida, que se atopa no parque urbano máis grande en extensión de Galicia. Manter aberta a residencia de tempo libre todo o ano é importante para O Carballiño e para a súa comarca, xa non polos 27 postos de traballo (aínda que fosen 2 serían suficientes para pensar nisto) senón polo movemento económico que todos os visitantes e as persoas que ocupan a residencia xeran no Carballiño, como a compra de produtos que se fan na residencia. Son 170 prazas en sete quendas vacacionais que fan un total de 1.190 persoas máis os complementos en grupos que veñen en meses lindeiros a estes (sobre unhas 350), como mínimo unhas 1.500 persoas que O Carballiño e a súa comarca non pode renunciar a elas. Máis alá da comarca do Carballiño, hai que falar da provincia, xa que esta xente visita moitos máis lugares da provincia unha vez que se aloxan neste gran lugar. Na actualidade en Galicia existen dúas residencias desta categoría (a do Carballiño e a de Panxón) que teñen unha igualdade de trato neste momento. Teñen que facer un recoñecemento positivo ao que está a facer a Xunta de Galicia, porque está mantendo as residencias de forma aberta. Teñen que pensar que desde hai meses (algún caso xa desde o ano 2009) en Cataluña pecharon todas as residencias deste modelo, que naceu no ano 1958; en Andalucía pecharon dúas e outras quedan a media pensión; en Segovia pechado; en Santander pechado, por iso pensa que o mínimo que hai que facer é agradecerlle á Xunta de Galicia o manter, de entrada, abertas estas dúas residencias. Os tempos son os que son, e esta residencia depende en gran medida das reservas. A crise tamén afecta a este tipo de turismo, por iso o que máis urxe é a publicidade que se lle poida dar a esta residencia, para que sexa moita máis a demanda que poida ter de ocupación fóra do tempo estival. Lembra que no ano 2009 a Xunta de Galicia falaba de que pasaran pola residencia unhas 5.000 persoas, pero tamén hai que dicir que desas 5.000 escasamente 2.000 persoas pagaron algo, o resto facíao de forma gratuíta. Isto non pode ser, que todos os galegos e todos os ourensáns paguen a estadía de 3.000 persoas que puideron ter pagado algo por estar alí. Hai que potenciar a residencia, pero non pode ser como un todo gratuíta. Todos estamos obrigados a facer cousas, non só demandar daquel do que pensamos que ten responsabilidades. É moi fácil instar á Xunta de Galicia para que faga un estudo de viabilidade de optimización deste espazo para que poida abrir durante todo ano, pero todos estamos obrigados. O Concello do Carballiño xa se obrigou no seu pasado pleno (aínda que non se recolle no acordo adoptado) a implantar un sistema de publicidade de todo o que é a residencia, xunto co Carballiño e a súa comarca, así como a comarca lindeira (O Ribeiro) para

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

potenciala. Isto nunca o fixo ningún goberno local no Carballiño e el asume a súa responsabilidade dos dous últimos anos, pero é que antes nunca se fixo nada para poñer esta residencia a disposición para eventos e outros. Certo é que o ano pasado, no congreso internacional de turismo, se utilizou esta residencia de tempo libre, motivo polo que estivo aberta en novembro. É responsabilidade de todas as administracións que funcione esta residencia fóra do tempo estival, tamén dos sindicatos, porque lle hai que dicir á xente que os sindicatos teñen o 50% das reservas á súa disposición. A día de hoxe atópase do seguinte xeito: o sindicato CCOO, de 182 prazas que ten dispoñibles para todo o ano ocupan 134, UGT de 203 ocupa 61, a CIGA de 182 prazas non ocupa ningunha. Estas proporcións veñen sendo as mesmas durante os últimos anos. Certo é que, na temporada estival, as reservas que pode ter a Xunta fan que complete a residencia. Reitera que todos teñen obrigacións e puido observar a pasada fin de semana como un sindicato facía un congreso en Santiago nun lugar polo que el sabe canto se cobra máis ou menos por aloxarse alí e por ese mesmo prezo, ou por un pouco menos, terían un auditorio gratuíto de 600 prazas e se poderían ter aloxado para pasar a noite e tres comidas ao día por 27 euros/día máis os descontos pertinentes por ser un grupo. Este sería un exemplo moi bo para que os sindicatos para potencien a estabilidade dos traballadores. En canto ao balneario di que o que está aberto (porque o outro está en obras) xa ten xente aloxada na residencia para ir facer alí os tratamentos. Reitera que todos deben facer publicidade da residencia e esa comisión que se faga canto antes e que conte coas outras administracións para poder achegar as súas propostas.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, quere aclarar que a portavoz do BNG no Carballiño non asistiu ao pleno do Concello por indisposición. Continúa dicindo que é evidente que esta residencia, que está localizada nun marco incomparable, que conta cunhas instalacións dignas, aínda que habería que resolver algunhas cuestións que foron quedando obsoletas, ten un enorme potencial e pode converterse nun dos motores económicos do Carballiño e da súa bisbarra, polo que é necesario que permaneza aberta todo o ano, ou cando menos, o mesmo tempo que abriu durante o paso do BNG polo goberno galego, que foron 10 meses e uns días. As posibilidades que ofrece a residencia son ilimitadas. No tempo en que lle tocou de xestionar ao BNG, produciuse unha apertura da residencia á sociedade como nunca houbera, dándolle un uso social e cultural, con programas para maiores, retornados e emigrantes, etcétera, mesmo houbo un importante desenvolvemento do turismo familiar cando

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

non había turismo termal, posteriormente, co turismo termal, chegou a ter ocupación todo o ano. O que non ten sentido é mantela pechada o tempo que se mantén pechada, sobre todo cando hai persoas que viven na indefinición á hora de ser avisados para traballar, ás que se lles pide libre disposición e, o que é peor, nun período tan curto de catro meses a nivel persoal privaos do dereito a unha prestación cando remate o período laboral. Isto é impensable e inxustificable. Como se dixo, hai algún mal pensado que sostén a idea de que detrás desta decisión, é probable que asomen intereses privados, e que iso é o que xustifica a posición do goberno do Partido Popular na Xunta, ao tempo que se pon a primeira pedra para a súa privatización. O que está claro é que estamos diante dun problema de vontade política do actual goberno galego, que en vez de apostar por políticas de dinamismo opta pola política dos recortes, sen preocuparlle, o máis mínimo, os traballadores e traballadoras e as súas familias, e o impacto económico que a súa apertura ou peche supón para unha comarca tan necesitada de recursos. O que debe facer a Xunta é manter aberta a residencia e facer publicidade dela, porque é beneficiosa e pública. O BNG está radicalmente en contra da súa privatización, ademais, cando se privatiza algo é porque dá resultados positivos, porque ninguén é tan parvo como para coller algo que dá perdas. Pide que se poñan a traballar, que para iso os votaron os cidadáns.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que está de acordo co Sr. Marnotes en que están todos a unha e que a residencia é a gran descoñecida, pero neste momento el é o alcalde do Carballiño e ten que ser o encargado de trasladarlle esta cuestión á conselleira de Traballo e Benestar. Non se pode defender unha cousa e a contraria nin falar agora do pasado, e en canto a Cataluña di que a oferta desa comunidade comparada con nós é de risa. De todos modos, estamos a falar da provincia de Ourense que é a que importa. O Sr. Marnotes falou da residencia que hai en Panxón, pero debería facerse unha discriminación positiva para a do Carballiño porque é a do interior, a de Panxón xa ten vantaxe. En canto á gratuidade di que nada é gratuíto, xa que pagamos todos cos impostos, outra cousa e poñer taxas (algo que el defendeu sempre). Se se abre a residencia só catro meses é para pechala no futuro. Hai que buscar fórmulas igual que cos campamentos dos rapaces, que están a sufrir un recorte bestial. Reitera que se teme que esta maneira de actuar é para unha posible privatización. O Partido Popular sempre quere criminalizar aos sindicatos e os sindicalistas son persoas que teñen que ter os mesmos dereitos que os demais. Pregúntalles por qué non invitan

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

aos membros da CEO para ir á residencia, aínda que pensa que non o fan porque igual se lles queda curta.

**D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular**, pensa que o importante é que estean todos de acordo para poder darlle ideas á comisión que se faga na Xunta para o estudo de optimización. Di que hai sindicatos que se van a hoteis privados e non van á residencia de tempo libre do Carballiño e di isto porque este asunto é responsabilidade de todos, non só da Xunta. Pensa que cunha boa planificación e publicidade de todo o que se pode facer na residencia de tempo libre, empezarán a chegar demandas de grupos, e a administración será a que compaxine eses grupos e vele polo equilibrio do gasto cos ingresos. Non lle toca a esta Deputación nin ao Concello do Carballiño meterse na relación entre os traballadores, a patronal e a Xunta. O obxectivo que temos hoxe aquí é que a residencia abra o maior número de meses posible (podendo ser todo o ano) porque iso será garantía de traballo para eses 27 traballadores (e seguro que para algún máis). Xa recoñeceu que co bipartito, no ano 2009 (ano electoral) pasaron pola residencia 5.000 persoas, das que só pagaron 2.000, os outros foron pasear co Sr. Quintana e para iso non se debe utilizar o público, xa que o público ten que ser público en todos os seus conceptos e non na súa utilización. Alégrase do acordo unánime e lembra que desde esta casa se están facendo cousas a favor do termalismo. Pide que desde a Xunta se conte con eles para facer un estudo de optimización da residencia de tempo libre, e invita a todo o mundo a que a coñeza, porque é digna de coñecer.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que non vai entrar en apuntarse tantos para un ou para outros. O importante é que se chegou a un acordo unánime e está de acordo co deputado e alcalde do Carballiño en que hai que facer unha boa planificación e publicidade. O obxectivo prioritario é manter aberta a residencia todo o ano, xa que os longos períodos de tempo que permanece pechada o único que fan é precarizar postos de traballo e que a xente desista de poder traballar nela, así como influír na economía da comarca. Manifesta que se deben unir todos neste asunto e darlle para diante ao acordo que se vai adoptar, para poder gozar todos da residencia do tempo libre.

O **Sr. presidente** manifesta que a emenda do Grupo Popular foi retirada así como o punto segundo da moción do BNG, polo que somete a votación o punto primeiro da moción, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

- O Pleno da Deputación diríxese á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para que acometa un estudo de optimización da Residencia do Tempo Libre para que esta permaneza aberta durante todo o ano e, dese xeito, garantir un emprego digno e de calidade.

**5º.- RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIA E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do grupo do BNG**, adianta que van votar en contra do asunto, polas mesmas razóns que presentaron e defenderon na FEGAMP. Non lles satisfai este modelo, porque non soluciona o problema real, ten moitas e importantes eivas e é un continuo ir e vir de bandazos, ademais de supoñer unha enorme improvisación. O Consello da Xunta aprobou recentemente o PLADIGA 2013 no que nin sequera se contabilizan estes grupos, co que malamente se poderán facer este ano os labores de extinción. A boi pasado e saudando con ledicia ao señor alcalde de Baños de Molgas, pregúntase qué operatividade tería para a comarca que a base dos GES estivese en Baños de Molgas (para os veciños ningunha, e para o concello sería un grave problema para as súas arcas), e supón que neste mesmo caso están outros concellos que son base deses grupos.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que eles votarán a favor, aínda que todo é mellorable. Cre que domina ben este tema porque lle toca levalo no seu concello. Hai aspectos do convenio que non lles satisfán nin a el nin ao seu grupo de goberno en Ribadavia. Entre outras cousas, o 20% que teñen que poñer os concellos que teñen que prestar servizo para outros concellos non deixa de ser un pouco discriminatorio, porque van ter que dotar de servizos a concellos que non van achegar nada. Pensa que isto se pode corrixir a través dunhas taxas para poder compartir gastos. Reitera que todo é mellorable e di que hai un acordo unánime aínda que ao que lle retiran o servizo nunca vai estar conforme. Isto xa naceu mal desde hai moitos anos, porque o que non podía ser é que nunha comarca

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

houbese ata 6 GRUMIR nun radio de acción moi pequeno e noutras (como a Comarca do Ribeiro) un só. Todos os acordos aos que se pode chegar cando a un lle quitan servizos son difíciles de adoptar e é difícil que todos estean satisfeitos. Reitera o voto favorable coas súas reservas. O convenio é claro no sentido de que é un servizo supramunicipal de emerxencias, que vai estar ao servizo do medio rural cando teña que actuar nalgún incendio forestal sempre que sexa declarado de nivel 1 e non noutros (outra cousa podería ser unha catástrofe na que todos botarían a man) porque para iso están os servizos de extinción de incendios (que, baixo o seu punto de vista, tamén poden ser mellorables). Parécelle perfecta a alegación que se fixo por parte desta casa, incluso xa manifestou que as achegas da Xunta tamén sería bo que viñeran a esta casa, porque sería moito máis “seguro” para que chegaran en tempo e forma aos concellos. Para finalizar di que benvido sexa todo o que se poida facer para que non sufran máis as arcas municipais.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, anuncia que o seu grupo vai votar a favor de ratificar este convenio, porque foi consensuado no seu momento, como dicía o Sr. Iglesias Pérez con algún bandazo por parte dos representantes de todos. Aplauden que iso saía adiante e aplauden tamén que esta Deputación sexa a que máis achegue das catro deputacións para estes grupos de emerxencia supramunicipais, que nada teñen que ver cos anteriores GRUMIR. Pensan que isto non é suficiente e que a súa localización tamén é discutible pero tamén hai que dicir que houbo concellos que non solicitaron a súa adhesión e outros concellos que renunciaron a eles dentro da súa autonomía municipal. As comarcas non son todas iguais e xa o saben os que teñen experiencia na xestión dos GRUMIR (reitera que nada teñen que ver cos GES). Probablemente O Ribeiro non teña nada que ver coa Baixa Limia ou co Barco de Valdeorras. Apela a que este sexa un servizo máis nunha provincia difícil pola súa orografía e por moitas outras circunstancias.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, falando de bandazos e como isto está centrado nos incendios forestais, di que é un problema que temos neste país, pasamos de ter un sistema máis ou menos profesionalizado a contratar empresa privada, a transferir medios e diñeiro á empresa privada para certos fins máis lucrativos que outros, quedamos coa parte negativa. Agora créase este sistema, volven as brigadas aos concellos, como se os incendios comezasen hai dous anos. Os incendios forestais levan existindo toda a vida e no canto de mellorar o sistema, precarizámolo, non o axustamos á realidade, cada vez se fai moito menos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

viable e controlable polos técnicos e polos axentes que o teñen que controlar e ao final o que se crea é un mosaico de traxes e fundas diferentes (un chega nun coche, outro chega noutro) e isto haberá que solucionalo. Cre que tres operarios por quenda non son a solución ao problema dos incendios forestais.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Iglesias Pérez (e como xa apuntou o Sr. Gómez Pérez), isto non nace para a extinción dos incendios forestais (xa se falou do nivel 1). Non vai ser el o que cuestione este acordo dos diferentes grupos de goberno galegos: autónomo, provinciais e dos alcaldes de Galicia, que demandaban todos os anos que se volvease ao sistema das brigadas municipais de extinción de incendios. Sabe que é cuestionable, pero lévase falando dos incendios eternamente e cando gobernaba o bipartito a experiencia non foi moi boa, aínda que non lle gusta falar de política en relación cos incendios, porque deste tema non se debe facer política, nin boa nin mala.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8), e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de emerxencia supramunicipais.

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto correspondentes á Deputación Provincial de Ourense conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede dos grupos de emerxencia supramunicipais, nos prazos previstos na súa cláusula sétima 1. apartado 4.

A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas mesmas previsións establecidas para a xustificación dos fondos achegados pola Xunta de Galicia, no anexo IV, apartado 7 do convenio.

**6º.- MODIFICACIÓN DA BASE 2ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O EXERCICIO 2013.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, entende que nesta modificación só entra este punto e non ningún outro tipo de cuestión. Anuncia que votarán a favor porque foi o seu grupo o que pediu sempre isto, e ao parecer agora se lles dá a razón. Isto non é ningunha xestión nova porque se o presidente da Deputación se vai facer cargo da presidencia do INORDE, xa a propia lei lle impide poder cobrar dese organismo. Se isto é así agora, ao mellor as axudas de custo que se cobraron antes estaban mal cobradas e poderían terse destinado a outro tipo de cuestións.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que isto é unha consecuencia máis do Plan Ourense 92 que vén guiando a xestión da Deputación, dado que é un plan de xestión e estratexia operativa desta Deputación para o período 2012-2015, que o presentou o Sr. presidente cando tomou posesión do seu cargo. Agora o Sr. Gómez Pérez di que se lles está dando a razón e iso só podería ocorrer se o Sr. presidente os tivese escoitado antes de elaborar este plan. Reitera que isto é unha consecuencia máis dese plan, no que se fala da redefinición e reestruturación de moitos servizos desta Deputación (entre eles o organismo autónomo INORDE). Pídelle ao Sr. Gómez Pérez que á vez que propón facer cousas que diga cómo e se lles gusta o modelo Lugo que o digan tamén, porque isto sería cambiar os cromos de sitio (en vez de cobrar do INORDE cobro da Deputación), todo o demais é demagogia para saír nos medios, atribuíndose cousas que non fixeron nin van facer, porque a quen lle toca gobernar é ao Grupo Popular.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di con todo o respecto que non lle gusta que lle insulten a intelixencia, porque hai dous meses que o seu grupo trouxo esta proposta aquí e o Grupo Popular votou en contra. Isto non hai quen o entenda. Hai dous meses que o portavoz socialista dixo que o Sr. Freire Couto non podía cobrar as axudas de custo por asistir aos plenos da Deputación e o Grupo Popular votou en contra e agora di que iso ía contemplado no Plan Ourense 92. Non sabe se é que el non é moi listo porque non entende nada e igual lle vai ter que deixar o sitio a outro compañeiro que os entenda mellor. Xa hai anos que se sustentou con bases legais que se podían cobrar esas axudas de custo. Se o Grupo Popular cambia de criterio cada dous meses el non ten a culpa de que ese Plan 92 sexa un plan feito no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

aire. El só quixo facer constar que lles fixeron caso, pero se lles custa recoñecelo é o seu problema, pero esa é a realidade e o Sr. Freire non podía cobrar esas axudas, non por precepto legal, senón por moralidade e por exemplaridade, e se se cobran 60 mil euros por dedicación exclusiva nun organismo autónomo con pouca capacidade e que depende da Deputación, non se deberían cobrar as axudas de custo de asistencia da Deputación. Isto non se pode defender, porque senón van pensar que o Sr. presidente é un fenómeno, xa que vai levar a Deputación, o INORDE e o Plan Ourense 92 sen cobrar axudas e o Sr. Freire con dedicación absoluta e cobrando o que cobraba non era capaz de levalo. En canto ao modelo de Lugo, manifesta que xa ten dito máis de vinte mil veces que el está na Deputación de Ourense, e en Lugo o Partido Popular ten os seus representantes para que digan alí o que teñan que dicir. Nos medios de comunicación saíu que en Lugo se acababan de conseguir tres millóns de euros de fondos europeos para crear emprego, e alí non vai ese Sr. Beteta a dicir que esta casa é o exemplo das deputacións. Escoitando o que se di por parte do Grupo Popular o seu grupo vai facer un informe (sabe que non lles van facer caso) para o Sr. Montoro e para o Sr. Beteta no que se recollan todas as cuestións que, ao mellor, non coñecen desta Deputación, porque se o exemplo de xestión é a Deputación de Ourense imos aviados, e, como dicía o Sr. Freire, non lle estraña que esta provincia e o Estado español estean como están.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Gómez Pérez que non se altere que aquí non se insulta a súa intelixencia nin a de ninguén. O Grupo Popular marca os tempos políticos porque lles toca gobernar dado que así o dixeron os cidadáns, polo tanto quen marca os tempos políticos desta casa é o Sr. presidente co seu equipo de goberno ao lado, como unha piña (non como noutros sitios). En canto ás axudas de custo di que se utilice ben a linguaxe, porque non é o mesmo dicir “non deben” que “non poden”. Cítouse un informe xurídico no que se dicía que isto era legal, alá cada quen que cuestione a oportunidade. Reitera que lles guste ou non os tempos políticos os marca quen goberna. Pensa que o Sr. presidente si é un fenómeno e vai levar todo con menos traballo que o Sr. Freire, porque, desgraciadamente, hai menos fondos. En canto a Lugo, pensa que os socialistas lles van ter cambiar o nome ao partido. O grupo de goberno da Deputación é do Partido Popular, e dentro deste partido son do Partido Popular de Galicia, en cambio os socialistas nalgún sitio son dous, noutros son tres, e noutros un á marxe do mundo. En canto ao proxecto europeo que conseguiron, non ten ningún medo a equivocarse a que foi unha decisión das que deixou a esta Deputación sen ningún

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

proxecto europeo antes de marchar o goberno socialista e foron para Lugo. Reitera que na redefinición e reestruturación dos servizos da Deputación se recolle esta proposta e o tempo político foi o que decidiu o Sr. presidente e o seu equipo de goberno.

Intervén o **Sr. presidente** para que dicir que aquí non se insulta a intelixencia de ninguén e menos a do Sr. Gómez Pérez, que mencionou no debate “dedicación absoluta” cando é unha dedicación exclusiva. Absoluta é a maioría do Grupo Popular que ten unha razón e unha orixe: as urnas. En canto ao Sr. Beteta, di que estivo aquí para una xornada sobre o futuro das provincias, unha das actuacións do Plan Ourense 92, onde non se viu ao Sr. Gómez Pérez. É bo saber das cousas das que se fala e prestar atención. Cre que o Sr. Gómez se equivocou no debate porque falou dun caso contrario ao que estamos a debater. Estase a falar de que os deputados que teñan dedicación exclusiva non van percibir ningún tipo de axuda de custo por asistencia ao Consello Reitor do INORDE, que é do que se trata a modificación, da que dubidou o Sr. Gómez despois de ler o Sr. secretario o ditame coa claridade coa que o fixo, e o Sr. Gómez está falando de que non se cobren axudas de custo da Deputación sendo presidente do INORDE. Supón a que intervención do Sr. Gómez foi orixe da confusión. Este asunto si é novo, porque non existía antes, e introduce unha modificación importante, que é que aqueles deputados con dedicación exclusiva que asistan ás reunións do Consello Reitor do INORDE non perciban ningunha axuda de custo por esta asistencia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base segunda das bases de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2013, integrado no orzamento da Deputación Provincial, co seguinte contido:

- a) Suprímese o parágrafo no que se regulaba a dedicación exclusiva do presidente do INORDE, que queda sen contido.
- b) No réxime de asistencia a sesións dos membros con dedicación exclusiva, engádesse o seguinte texto: “para estes efectos, os deputados provinciais que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva na Deputación Provincial, non poderán percibir

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

ningunha cantidade en concepto de asistencia aos órganos do INORDE de que formen parte”.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**7º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN FINANCEIRA ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS, PARA XESTIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NA COMARCA DE VALDEORRAS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a subscrición dun convenio de cooperación financeira entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras, para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na Comarca de Valdeorras, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación da cooperación financeira necesaria na xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras para a compensación do déficit da explotación do servizo intermunicipal.

**SEGUNDA. - Custo das actuacións.**

O custo total das actuacións contempladas no presente convenio ascende a SEISCENTOS TRINTA E UN MIL CENTO OITENTA E CATRO EUROS E TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (631.184,32€).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Esta cooperación financeira articularase mediante a concesión de dúas subvencións correspondentes aos gastos de depuración dos exercicios 2013 e 2014, que serán financiadas como segue:

-Augas de Galicia achegará a cantidade total de 473.388,24 €; correspondendo 236.694,12 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2013 e 236.694,12 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2014.

-A Deputación de Ourense achegará a cantidade total de 157.796,08 €; correspondendo 78.898,04 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2013 e 78.898,04 € aos gastos da depuración de augas residuais realizada no ano 2014.

**TERCEIRA: Financiamento e libramento anticipado da subvención.**

De acordo co disposto no artigo 31.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Augas de Galicia concederá un anticipo pola contía máxima das dúas terceiras partes do importe da axuda de cada anualidade co fin de que o Consorcio conte co financiamento preciso para levar a cabo o servizo de depuración.

Coa solicitude de anticipo o Consorcio deberá presentar xustificación de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e que non ten pendente ningunha outra débeda coa administración autonómica de Galicia.

En aplicación dos artigos 67 e 65.4º do Regulamento de Subvencións, o Consorcio queda exonerado da constitución de garantías.

Augas de Galicia achegará a cantidade de 473.388,24 € con cargo á conta 6516 “Subvencións de correntes a Corporacións Locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades, que resultan da aplicación do sistema temporal de cálculo e certificación do déficit efectivo:

- 2013: 157.796,08 € (correspondente a dos terzos do déficit estimado para a anualidade 2013 que lle corresponde financiar a Augas de Galicia)
- 2014: 236.694,12 € (correspondente a un terzo do déficit estimado para a anualidade 2013 e a dos terzos do déficit estimado para o ano 2014 que lle corresponde financiar a Augas de Galicia )
- 2015: 78.898,04 € (correspondente a un terzo do déficit estimado para a anualidade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

2014 que lle corresponde financiar a Augas de Galicia)

Baseándose na certificación que pecha o resultado de cada exercicio, na que se acredite o déficit de explotación producido calculado do xeito establecido na cláusula quinta, liquidarase o déficit efectivo. No suposto en que da certificación resulte un déficit de explotación menor ao estimado, a diferenza restarase do importe da axuda para aboar na anualidade do exercicio seguinte. No caso de que a dita compensación non sexa posible, o Consorcio reintegrará a Augas de Galicia a diferenza entre a cantidade recibida e o déficit de explotación producido. En ningún caso a achega de Augas de Galicia será superior ás cantidades estipuladas no presente convenio.

-A Deputación de Ourense achegará a cantidade de 157.796,08€ con cargo á aplicación orzamentaria 161.11/467.00 coa seguinte anualización:

- 2014: 78.898,04 € (correspondente ó 100 % do déficit estimado do exercicio 2013 cuxo financiamento corresponde á Deputación).
- 2015: 78.898,04 € (correspondente ó 100 % do déficit estimado do exercicio 2014 cuxo financiamento lle corresponde á Deputación).

A Deputación non efectuará ningún pagamento anticipado da subvención, librándose esta unha vez sexa xustificada polo Consorcio, no exercicio seguinte a aquel que constitúe o seu obxecto.

A xustificación por parte do Consorcio da subvención ante a Deputación realizarase nos mesmos prazos e condicións previstos no presente convenio para a subvención de Augas de Galicia. No suposto en que da certificación resulte un déficit de explotación menor ao estimado, a diferenza restarase do importe da subvención.

En ningún caso a achega da Deputación Provincial será superior ás cantidades estipuladas no presente convenio.

#### **CUARTA.- Obrigas das partes**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Consorcio o importe a que fai referencia a cláusula anterior, compensando o 75 % do déficit de explotación do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais xestionado polo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Consortio de Augas de Valdeorras.

2.- A Deputación de Ourense obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Consortio o importe a que fai referencia a cláusula anterior, compensando o 25 % do déficit de explotación do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais xestionado polo Consortio de Augas de Valdeorras.

3.- O Consortio de Augas de Valdeorras obrígase a:

- Asumir, pola súa condición de beneficiario, todas as obrigas previstas no artigo 11 da LSG, e en concreto, os seguintes compromisos:
  - a) Realizar a actividade de prestación do servizo de depuración que fundamenta a concesión da subvención.
  - b) Xustificar ante Augas de Galicia e a Deputación a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.
  - c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuarán Augas de Galicia e a Deputación, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  - d) Comunicar a Augas de Galicia e a Deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar a non concorrencia das prohibicións ás que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, mediante declaración responsable ou por calquera dos medios sinalados no mesmo artigo.
- Acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pago calquera outra débeda coa Administración Pública Autonómica, con carácter previo á obtención da axuda.

**QUINTA.- Réxime de xustificación das axudas por parte do beneficiario.**

En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte do beneficiario da axuda, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seu

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En consecuencia, o Consorcio asume como beneficiario da axuda prevista neste convenio as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG e dos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, xustificar ante Augas de Galicia e a Deputación Provincial o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, a Deputación Provincial, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar a Augas de Galicia e á Deputación Provincial, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar a Augas de Galicia e á Deputación Provincial, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para este establece o citado artigo, e especialmente a conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Asemade, por tratarse dunha actividade financiada ademais de coa subvención con fondos propios, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Ambas subvencións deberanse xustificar mediante certificación do funcionario responsable dos servizos de intervención do Consorcio, na que se acredite o déficit de explotación producido, calculado en función da diferenza ente gastos e ingresos do servizo, conforme coas seguintes regras:

- Consideraranse como ingresos os efectivamente recadados a 1 de marzo do exercicio seguinte ao que se refira a xustificación.
- Consideraranse como gastos os relativos ao servizo de depuración recoñecidos e liquidados a 31 de decembro do exercicio de que se trate.

As respectivas xustificacións deberanse presentar ante Augas de Galicia e a Deputación antes do 1 de abril do exercicio seguinte á anualidade á que se refira.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

**SEXTA.- Comisión de seguimento**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

**SÉTIMA.- Duración.**

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ao servizo de depuración realizado dende o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2015, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes, mediante a sinatura da addenda correspondente.

**OITAVA.- Causas de modificación e de resolución do convenio.**

O presente convenio poderá modificarse coa finalidade de acadar os principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, de conformidade co disposto na

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

disposición adicional terceira da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 o que implica que, unha vez perfeccionado o convenio, se poderán introducir modificacións consistentes na redución do volume de obrigas, o que levará consigo unha redución na achega de Augas de Galicia e/ou da Deputación Provincial, ou na ampliación do seu prazo de execución, no suposto de que se produza unha redución do crédito ao nivel de vinculación orzamentaria e con cargo ao que se imputa o gasto do presente convenio e que implique insuficiencia orzamentaria sobrevida para sufragar este nos termos inicialmente acordados.

O presente convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo.

**NOVENA.- Natureza.**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

**DÉCIMA.- Publicidade.**

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En virtude co disposto no parágrafo anterior as partes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Ademais, o presente convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para xeral coñecemento.

**8º.- EXPEDIENTE N.º 3/2013 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2013.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que despois de aprobar hai uns meses o orzamento este xa é o expediente n.º 3 de modificación, e anuncia o voto en contra do seu grupo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, quere aclarar primeiro unha cuestión e dille ao Sr. presidente que cando non ten argumentos sempre recorre ao mesmo, a cuestións dialécticas nas que un se pode confundir. Con isto faille un fraco favor á intelixencia, porque se esa é toda a réplica que lle ten que dicir un pleno tras outro é un fenómeno. Amosa un papel pertencente ao Grupo Popular no que pon “Martónes” e non coñece a ningún deputado que se chame así. Non critica isto, só o di porque calquera poder errar, incluso cando fala ao mellor catro horas, e se o Sr. presidente é tan intelixente que nunca erra, terán en conta os seus deslices dialécticos. Saben que o Sr. presidente ten unha intelixencia privilexiada e por iso se adianta aos cesamentos no Plan 92 e tarda cinco meses ou dez en facelos. Anuncia que non van aprobar esta modificación, porque no seu momento xa votaron en contra das subvencións nominativas. Hai un factor engadido que ten que coñecer o Sr. presidente (porque ao mellor non o coñece) xa que non coñece como funcionan os concellos e todos sabemos como chegou aquí e para chegar arriba primeiro había que pasar por abaixo. Di isto porque escolas de música (que non é o mesmo que conservatorios) as hai en moitos concellos e aquí subvenciónase sempre aos que interesa. Habería que quitar unha axuda para todos. Non dubida de que os nenos desa localidade teñan unha necesidade, pero esa necesidade é igual que a doutras localidades. Non se pode facer esa discriminación. O Grupo Socialista é un grupo unido e votan completamente unidos estean onde estean.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non vai entrar no xogo do Sr. Gómez Pérez, e iso de que as comparacións son odiosas neste caso son “*odiosísimas*”, ademais el xa sabe ben quen está unido e quen non. En canto ao expediente que nos ocupa, dille ao Sr. Rodríguez Puga que si é o terceiro, pero como se fose o catorce, porque este é un instrumento legal que utilizan todos (ás veces por imperiosa necesidade). Este expediente é un simple formalismo: unha subvención prevista para o Concello de Trasmiras que por erro tiña que ir para unha asociación e nada máis.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, entende que o Sr. Álvarez Dobaño, que, facendo honra do seu nome, leva máis dunha hora *placidamente* sentado, teña agora ganas de dar caña. Pode tratarse dun cambio de nome ou do que queiran, pero isto só é unha cacicada e como xa dixo noutras ocasións pasamos dun cacique bo a un cacique mellor.

**D. José Ignacio Iglesias Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, el non di as cousas tan claras como acaba de escoitar e reitera que o seu grupo vai ter que cambiar de portavoz, porque calquera o poderá facer mellor que el. Pídelle aos deputados do grupo de goberno que non se rían, porque el si ten dúbidas de que algún deles puidese substituír ao Sr. Álvarez Dobaño. Cre que expuxo claramente por qué votaban en contra e sinala que esas subvencións deberían saír para todos igual. Non dubida da legalidade do expediente e non está en contra deles, e incluso se agora trouxeran un para financiar un plan que fose bo para a provincia, que ninguén dubide de que votarían a favor.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que *placidamente* sentado non, que de Plácido só ten o nome. Cre que o Sr. Gómez Pérez o interpretou rematadamente mal, con todos os respectos, e non se dirixiu a el para nada, entendeuno perfectamente. Ao que non entendeu foi ao Sr. Rodríguez Puga, porque dixerá que era o terceiro expediente e que non estaban de acordo, non dixo nada máis. Ao final acabou aclarando o do cacique bo e cacique mellor, cantilena á que nos ten acostumbrados, e xa entendeu o argumento.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Trasmiras para a escola de música. Baseándose no escrito remitido polo Concello de Trasmiras en data 15/05/2013 a solicitante da axuda é a Asociación Musical de Trasmiras, polo que a subvención se concedería á dita Asociación con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

- 450.12/780.08. A familias e institucións sen fins de lucro nominativas. Cooperación provincial:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Asociación Musical de Trasmiras	Escola de Música	13.000 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**9º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE ESGOS EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA A DOMICILIO.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Esgos ten atribuídas en materia de recadación da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 15 de maio de 2013. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**10º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ABASTECIMIENTO EN CARZOÁ, N.º 29/PB/2012, NO MUNICIPIO DE CUALEDRO.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións, e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar a alegación feita polos herdeiros de D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Amalia Justo Carnero en canto á propiedade do terreo sobre o cal se construíron os bens que foron obxecto de información pública, tendo en conta que o artigo 3 da Lei de expropiación forzosa dispón que, *“salvo proba en contrario, a administración expropiante considerará propietario o titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade ...”*, xa que no Catastro figuran como titulares da devandita parcela os citados herdeiros.

En canto a valoración dos bens, esta constitúe o obxecto da peza separada de prezo xusto que se abrirá con posterioridade á adopción do presente acordo, o cal se lles notificará debidamente aos afectados para que procedan a efectuar a súa valoración.

En canto a utilidade pública da expropiación, sinalar que o proxecto ao que se refire a expropiación figura incluído no *“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de carácter municipal 2012”*, establecendo ao respecto o artigo 10 da Lei de expropiación forzosa que a utilidade pública se entende implícita en tódolos plans de obras e servizos do Estado, provincia e municipio.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ao figurar incluídas no *“Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de carácter municipal 2012, Plan Base”*, coa clave 29/PB/2012.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos bens que se indican a continuación,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

N.º PARCELA EXPEDIENTE	REF. CATASTRAL	PROPIETARIO EXPEDIENTE	BENS E DEREITOS EXPROPIADOS	UNIDADES
01	000306400PG14F 0001HZ	HERDEIROS DE D.ª AMALIA JUSTO CARNERO	Solo de núcleo rural Lousa de formigón para cubrición de captación de 15 cm de espesor Muro de perpiaño granítico de 2ª categoría con morteiro 1:3 Porta de chapa lisa de aceiro galvanizado, de folla de 0,45x0,45 m	7,03 2,76 m <sup>2</sup> 7,20 m <sup>2</sup> 1,00 unidade

4º.- Notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O DESMANTELAMENTO DAS LIÑAS DE TREN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que a realidade disto está nos medios de comunicación día si e día tamén. Estes días estamos vendo como o goberno do Partido Popular, a través do Ministerio de Fomento, está desmantelando unha gran parte da rede de trens de media distancia en toda España. O grupo de goberno da Deputación presentou unha moción neste Pleno para que se evitase a desaparición dunha liña (Sanabria-Ourense), pero non serviu porque esa desaparición se vai facer efectiva nestes días. Non sabe en que sentido vai votar o Grupo Popular, se é favor será moito mellor para todos, pero ao seu grupo non lle serve que o grupo de goberno aprobe algo de cara á galería e despois os deputados e senadores do Partido Popular a nivel nacional voten o contrario. Esta é unha cuestión máis que se engade a todo o que estamos a sufrir. Fanlle graza as explicacións que dá a Sra. ministra. Entende que hai que racionalizar os servizos e o Partido Socialista fixo unha proposta para que se deixase de lado esta aprobación e para que se faga un estudo en consonancia cos axentes, tanto económicos como sociais, e sobre todo coas autonomías. O rural galego necesita dos trens de proximidades máis que ninguén, independentemente de que sexan 10, 15, 20 ou 40 usuarios.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Todo vai unido ao número de poboación da que dispoñemos e se nos pobos non hai estudantes e aos poucos que temos lle imos quitar (como manifestaban na Comarca do Carballiño) as liñas de tren para poder estudar en Santiago, o único que imos conseguir é que a xente se vaia da provincia. Para el non ten sentido que se diga que unha liña que ten 20 pasaxeiros non pode ser viable e ao mellor o viable sería que en vez de levar dez vagóns leve só dous. Unha das liñas que máis nos afecta é a que discorre entre Ourense e Vigo, que non vai desaparecer, pero que se liquida case no 90%. A maiores disto, non hai vontade de facelo ben, porque se de Ourense a Vigo tardas tres horas media o lóxico é que non haxa moitos usuarios. Isto é un sen sentido, a non ser, como se está a dicir, que se lle faga crer á xente que se gastou moito diñeiro no AVE e os trens de proximidades, como non levan viaxeiros, teñen que desaparecer, e todo isto para privatizar os servizos que si sexan rendibles. Pide que todos os deputados desta Corporación estean na mesma liña e, na medida que lle sexa posible ao Partido Popular, faga valer a súa posición porque goberna aquí, na Comunidade Autónoma e no Estado, e que lles fagan ver aos que marcan as liñas sen outro interese que o que ven nun plano, para que boten atrás este plan, porque se seguimos así non vai quedar ninguén no medio rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, antes de nada, e desviándose un pouco do tema, di que hai dous deputados do Grupo Popular que punto tras punto se están comportando como nenos na clase ríndose cando o BNG se abstén nas votacións. Explica que, primeiro, a abstención é unha das tres posibilidades que hai para votar; segundo, na maior parte dos casos é porque (como di o compañeiro Plácido) existe unha autonomía municipal. Pide respecto polas decisións que tome o BNG, sexan acertadas ou non. En canto á moción di que desde que o goberno aprobou o 28 de decembro de 2012, o Plan de Racionalización do Transporte Ferroviario, as malas noticias veñen unha tras doutra para Galiza e tamén para o Estado. Multiplícanse conforme pasan os meses ata a tan temida data do 30 xuño. O devandito Plan contempla os servizos de transporte ferroviario de viaxeiros de media distancia que estarán financiados polo Estado e considérense declarados como obrigación de servizo público. No Plan aprobado en decembro pasado, e en relación a Galiza, aparecía claramente a eliminación da liña Ourense-Pobra de Sanabria. O Plan de racionalización establece unha serie de prazos para estudar e analizar que outros servizos ferroviarios de media distancia se van suprimir. Desde a súa aprobación, o Plan establece un prazo de seis meses para a aplicación deste acordo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

e as obrigas de servizo público terán que revisarse cada dous anos. A ambigüidade preside o contido do Plan posto que están por definir moitas cuestións, pero afirmacións como que algúns traxectos se poderán substituír con transporte en autobús xa acendían as luces de alarma. O único interese que persegue o Plan de Fomento é a redución do gasto ata alcanzar en 2015 os 51 millóns de euros anuais, sen importar a cuestión de servizo público nin tampouco o feito de que vaia deixar sen comunicación a moitas poboacións galegas ou do resto do país. Fomento deberá formalizar antes do 30 de setembro de 2013 con Renfe Operadora o contrato de servizo público. Xa se avanza que no caso de que algunha comunidade autónoma tivese interese na prestación dun servizo ferroviario de viaxeiros sobre algunha das relacións que non foron declaradas de obriga de servizo público, a dita comunidade autónoma poderá formalizar o correspondente contrato con Renfe Operadora asumindo o financiamento do déficit de explotación de devandito servizo. En Galiza, os servizos de media distancia existentes na actualidade son os seguintes: A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo-Monforte; A Coruña-Vigo; Monforte-A Coruña; Pontevedra-Vigo; Santiago de Compostela-Ourense; Santiago de Compostela-O Carballiño; Santiago-Vigo; Vigo-Ourense; Vigo-Ourense-Monforte-Ponferrada. Fomento ten un prazo de seis meses para estudar que medio de transporte é o máis eficiente en cada un dos casos. Os sindicatos ferroviarios xa alertaron da perda dunha porcentaxe enorme dos servizos ferroviarios. E a última noticia, o estudo encargado por Fomento a unha empresa de enxeñería, Ineco, para reducir as liñas de tren, xerou un gran malestar social, político e económico. Un informe que supón un duro pau para as comunicacións ferroviarias en Galiza, historicamente deficientes. Sen esquecer, que é das poucas comunidades autónomas que non conta con servizo ferroviario de proximidade, malia a extensión e poboación (outras con menos poboación si que o teñen). O estudo recomenda que en Galiza se manteñan tan só os trens rexionais das liñas do AVE: A Coruña-Vigo e Santiago-Ourense. O resto, todas as que mencionou antes, deberían desaparecer, e serían atendidas polos trens de longa distancia que realizan moi poucas paradas ou substituílas por un autobús. É dicir, un gran número de poboacións galegas quedarían sen parada de tren. O informe de Ineco suscita eliminar 49 liñas ferroviarias en todo o Estado, as que teñen unha ocupación por baixo do 15%. Cítase a de Ourense-Pobra de Sanabria, Ourense-Monforte-Ponferrada, A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo-Monforte e Vigo-Ourense. E entre as liñas que se salvarían tamén se suscita o recorte de servizos como na de Pontevedra-Vigo. En relación coa liña Ourense-Pobra de Sanabria, que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

cualifica como de altamente ineficiente, o BNG dirixiuse en numerosas ocasións a Renfe para que estude alternativas posto que esta liña é utilizada por moitos estudantes e cumpre cun servizo público. Actualmente, o bus fai só unha viaxe diaria en cada sentido e circula pola autovía, moi lonxe de estacións polas que pasa o tren, como Baños de Molgas, Laza ou Castrelo do Val. A cuestión é que na curtidade de miras do estudo, non se propón unha proxección de como se podería incrementar a demanda de usuarios de tren se se optase por mellorar un servizo ferroviario. A opción é deixar morrer o tren por inanición. O estudo conclúe que a supresión poderá levarse a cabo global ou progresivamente, o que depende da implantación de medios de transporte alternativos. Fomento ten que negociar aínda coas comunidades autónomas.

**D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular**, antes de entrar no debate da moción, quere dicirlle ao portavoz accidental do BNG que está de acordo coa súa manifestación en canto ao comportamento dos deputados do Grupo Popular, pero ten que dicir que eles tamén aguantan todas as verbas que saen contra eles (procesión de caladiños, labregos da linguaxe, etcétera) e tense que decatarse de que lles pode parecer raro de que sempre voten abstención. En relación coa moción, dálle uns datos ao Grupo Socialista (autor da moción) e di que son 9.000 viaxeiros, uns ingresos de 37.400 euros, uns custos 1.278.400 euros e unha subvención por pasaxeiro de 138 euros. Estes son os datos fríos que existen e non se poden obviar. Entende que hai que facer un esforzo, pero os esforzos levan a situacións como a que vivimos hoxe en día, polo que temos que ser responsables e os que non viaxan en tren tamén terán algo que dicir se se lles dá esa subvención de 138 euros aos viaxeiros. Tamén se pregunta de onde, porque isto non é un saco sen fondo, agás que queiramos utilizalo como tal e despois chegar a esta situación. En canto á supresión de liñas de media distancia, lembra que isto xa se tratou nun Consello de Ministros o 30 de decembro do ano 2010, e todos sabemos quen gobernaba en España e quen era o ministro de Fomento. O portavoz socialista dixo que lle tiñamos que dicir aos deputados nacionais do Partido Popular o sentido do seu voto, e o Grupo Popular non lle comenta nada do sentido do voto dos socialistas en Lugo. Eles non son quen para dicirlle aos deputados autonómicos ou nacionais o que teñen que votar, eles votan aquí e saben o que teñen que votar como grupo, sempre en bloque. Adianta que votarán a favor da moción e dos dous puntos formulados como propostas de acordo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que menos mal que votan a favor, porque o Sr. Pérez Rodríguez non perde ocasión para insultar. Desde un principio

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

el dixo que esta moción ía en sentido construtivo. Pregúntalle se cando di que se gastan mal os cartos se refire aos 60 millóns de euros do Sr. Freire Couto no INORDE ou á súa dedicación exclusiva. Cre que o argumento do Sr. Pérez Rodríguez foi moi pobre, e cando antes dixo que o Sr. Álvarez Dobaño facía moi ben ou se labor foi por algo. Aclara que el non dixo que lle tiñan que dicir o sentido do voto aos parlamentarios do Partido Popular, pero se aquí se vota unha moción rexeitando a supresión dunha liña e os compañeiros da provincia de Ourense votan o contrario no goberno do Estado, algo haberá que dicirlles. Supón que o Sr. Pérez Rodríguez cando ten un problema no seu concello poderá dicirlles aos seus compañeiros que gobernan que llo solucionen. En canto á referencia do Sr. Pérez Rodríguez a que o Sr. Iglesias Pérez era o portavoz accidental do BNG, dille que el neste momento si é o portavoz accidental do Grupo Popular (e bastante accidental). O problema que temos é outro, e o Sr. Pérez Rodríguez non falou nada del, nin de cantas liñas se van suprimir, nin de cal é o problema para o rural (e iso que é alcalde dun concello do rural). Cre que a súa intervención anterior foi bastante tranquila e podía dicir moitas cousas que non dixo, como que se ían suprimir 48 liñas. Desde un principio dixo que a súa intención era defender a provincia, e está agradecido de que o Grupo Popular vote a favor desta iniciativa. Dille ao Sr. presidente que non ten por qué dicirlles aos parlamentarios do Partido Popular o que teñen que votar, pero como presidente dese partido en Ourense algo terá que dicir cando votan en contra do que se aproba aquí, porque os están deixando á altura do betume. Cre que neste asunto van chegar tarde, porque non lles fan ningún caso. En canto aos 138 euros por usuario, di que estamos a falar de que os usuarios de certas liñas desta provincia si que é verdade que son poucos, pero a Sra. ministra dixo que lle saía máis barato pagarlles un taxi, algo que sairía máis caro. En todo caso, cre que hai que sentarse a falar coas autonomías, que son fundamentais para resolver este problema.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que como reacción á gran alarma desatada entre a sociedade galega, a ministra de Fomento chegou a afirmar que non se ía eliminar nin unha soa liña de ferrocarril. O que sucede é que os trens non farán paradas en estacións onde haxa un ou, todo o máis, tres viaxeiros. Volve ser localista neste Pleno (e pide desculpas porque este non é o foro), pero en Baños de Molgas ADIF investiu moitos cartos nun apeadeiro novo con todo o luxo e agora non vai parar ningún tren. De novo, a responsable do Ministerio de Fomento introduce a inconcreción e a ambigüidade nas súas declaracións, o que non rebaixa a gran inquietude dos sectores sociais e lles pasa a pelota ás comunidades autónomas,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

actualmente asfixiadas coas marxes de déficit impostas polo Goberno central. A mesma titular de Fomento entra en contradición cando mostra a súa satisfacción polo importante aumento do tráfico de pasaxeiros en Galiza nos últimos meses debido á entrada en funcionamento do tren híbrido. Os tráfico de viaxeiros incrementáronse nun 53%, demostración palpable de que cando se melloran os servizos os usuarios os utilizan, posto que se oferta un servizo moderno, á altura do século no que estamos. É o botón de mostra de que o tren pode ser moi competitivo e é un medio de transporte que gusta si dá un servizo óptimo. Por iso apelan ao Ministerio de Fomento á reflexión, a que aposte por las comunicacións ferroviarias de proximidade ou media distancia, de modo que se melloren porque é un transporte seguro, ecolóxico e que vertebra o territorio. Por todo isto, o BNG ten feito un labor no Parlamento e no Estado e pediulle á ministra, nunha proposición non de lei, que dera marcha atrás no seu propósito de eliminar case todos os servizos de media distancia existentes no noso país, que no caso concreto de Galiza, tivera en conta, que dada a súa extensión territorial e a súa poboación, que se trata dun dos poucos territorios que carece de servizos ferroviarios de proximidade; que comezara un diálogo coa Xunta de Galiza para negociar o traspaso das competencias en materia de ferrocarril interior, co fin de poder implantar un servizo ferroviario de proximidade e apostar decididamente pola potenciación do transporte ferroviario de pasaxeiros e de mercancías posto que a realidade demostra que é un servizo óptimo, se se adapta aos termos nos que vivimos.

**D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular,** quere matizar que el non ven aquí montar bulla pero ninguén lle vai dicir como ou cando ten que dicir as cousas. Cando se referiu a que o Sr. Iglesias era o portavoz accidental non o fixo co ánimo de ofender a ninguén, senón que nas actas deste plenario consta que o portavoz do grupo é o Sr. Rodríguez Puga e accidentalmente intervén o Sr. Iglesias Pérez, igual que neste momento o está a facer el mesmo. Se alguén o interpretou noutro sentido pide desculpas. Dille ao Sr. Gómez Pérez que a el xa o xulgan os veciños de Xinzo e o colocan onde consideran que debe estar. Esta moción refírese aos trens e non a matizacións persoais, coas que loxicamente non coinciden. En canto a que súa intervención foi pobre dille que el deu datos e se quere volve repetirlos. Lembra que o Grupo Popular presentou unha moción pola supresión do servizo ferroviario entre Ourense e Pobra de Sanabria, a pedimento do deputado e alcalde de Baños de Molgas Sr. Mangana Nóvoa, que defendeu o portavoz titular do Grupo Popular Sr. Álvarez Dobaño; e outra moción que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

presentou tamén e que defendeu este pobre portavoz que fala, sobre a redución de tarifas ferroviarias entre Ourense e Santiago de Compostela. Cando falou dos 60 millóns de euros non se refería ao INORDE nin dos que dotou o ministro Pepe Blanco para o AVE, senón que se refería á dona Ana Pastor.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que el non fai matizacións persoais, porque se as fixera sería outro cantar. El non ten que aceptar as desculpas, senón que as ten que aceptar quen lle corresponde, porque ás veces non son as cousas que se din, senón a intención que levan detrás. A el neste sentido non o engana, incluso os seus propios compañeiros rin cando fala. O Grupo Popular sempre utiliza os mesmos argumentos de que os veciños son os que os elixen. Dixo que eran pobres os argumentos que utilizou o Sr. Pérez Rodríguez, non lle chamou pobre a el. En canto a que o Grupo Popular xa presentou a moción neste Pleno, manifesta que xa o dixo na intervención anterior e tamén dixo que os deputados nacionais por Ourense votaron en contra do que se aprobou aquí, e pensa que o Sr. Mangana ao mellor tiña que tomar algún tipo de decisión ante os veciños, porque a consecuencia é que mañá a liña deixa de funcionar. O importante é intentar evitar que deixen de funcionar; e en canto ás 49 liñas que Fomento considera deficientes, o déficit é de 64,4 millóns é superior ás liñas que se van suprimir. Isto é o que fan os grandes valedores do partido que arranxa a economía.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar a actual proposta do Ministerio de Fomento sobre a supresión de liñas e paradas de tren.

2º.- Manter os servizos que afectan á nosa provincia, potenciándoos e valorizándoos coa maior eficiencia posible.

**12º.- APROBACIÓN DUN MODELO DE XESTIÓN DE BIOMASA NA REDE DE ESTRADAS CON APLICACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS.-**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de substitución, de data 29 de maio, en relación con este punto.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que xa a palabra modelo de xestión non cae moito, pero o día 22 de febreiro de 2013, o pleno da Deputación aprobou a adhesión á carta de Aalborg, conxuntamente coa adhesión ao Pacto de Alcaldes e Alcaldesas pola enerxía. Tres meses despois desa declaración, a Deputación ven de presentar un protocolo de xestión da biomasa no ámbito da rede de estradas, que, en resumidas contas, consiste en eliminar a vexetación existente nas cunetas, utilizando distintos métodos, entre eles, a aplicación de distintos tipos de herbicida. O BNG considera inadmisíbel este tipo de prácticas, máxime cando dunha administración pública se trata, que propón utilizar un método tan prexudicial para o medio ambiente como para a saúde de persoas. Unha vez máis, a Deputación busca o recurso fácil, sen ter en conta o prexuízo ocasionado ao medio ambiente, aínda que iso contradiga as declaracións rimbombantes sobre a aposta desta Institución pola sustentabilidade ecolóxica e o medio ambiente. Desde o grupo provincial do BNG queren facer fincapé en que a directiva marco para un uso sustentable dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 21 de outubro de 2009, ten como obxectivos a redución dos riscos e efectos do uso destes na saúde humana e no medio ambiente, así como o fomento do uso da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas como as alternativas de índole non química e di no seu capítulo IV (artigos 11 e 12) o seguinte: *Os estados membros, tendo en conta tanto as medidas apropiadas para a protección do medio acuático e a auga potable, como os requisitos necesarios de hixiene, saúde pública e biodiversidade, e os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimize ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas (...) nos espazos utilizados, polo público en xeral, ou por grupos vulnerables, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria ...*”. A aprobación da emenda que presentaron implicaría a prohibición do uso de herbicidas cuxos principios activos, glifosato, picloram, e outros químicos similares, e a súa substitución por métodos mecánicos ou térmicos de erradicación de maleza. Entenden que debe primar o principio de precaución, á parte de dar exemplo como institución, naquilo que pode afectar á saúde das persoas, ao medio ambiente, e de xeito particular, aos propios traballadores e traballadoras da Deputación de Ourense. E por iso que, diante da posibilidade do uso doutras prácticas máis saudables para a eliminación de herbas nas estradas, conscientes dos efectos negativos que ocasionan os citados principios activos dos herbicidas e tomando como referencia as directivas europeas que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

recomendan o uso doutros medios máis saudables para a súa erradicación, propoñen a seguinte emenda: 1º.- Prohibir o uso de herbicidas e outros similares, nas estradas, así como nos lugares públicos de titularidade da Deputación, e substituílos por métodos mecánicos ou térmicos, non contaminantes, que non danen a saúde nin o medio ambiente. 2º.- Instar á Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, para as estradas de competencia estatal, á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, que ostenta as competencias en materia de conservación de estradas de interese nacional, así como en conservación e mellora da paisaxe, e ao resto dos concellos da Provincia, para que fagan o propio e desistan do uso deste tipo de produtos. 3º.- Remitirlles copia dos anteriores acordos á FEGAMP, convidando ao resto de deputacións e concellos de Galiza a sumarse a esta iniciativa nos seus respectivos ámbitos competenciais.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que para debater este asunto tiveron que buscar información. Son coñecedores de que hai un problema á hora de realizar a roza nas estradas, cuns elevados custos (tanto materiais como económicos). Unha vez conseguida información sobre este tema, xórdenlles dúbidas razoables con respecto á utilización destes produtos (incluso Greenpeace así o di). Fálase de cuestións bastante prexudiciais para a saúde das persoas, cultivos e demais, incluso hai axentes que se empregaron en guerras. Anuncia que votarán en contra deste asunto, porque pensan que esta cuestión se debería abordar con máis información.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que a posición do Grupo Popular, sen cuestionar ningún tipo de informe nun tema tan complexo, é clara e así consta na proposta da Presidencia. O 18 de xullo de 2008, o Pleno da Deputación Provincial acordou o cese na utilización de herbicidas para limpeza das beiras das estradas, con carácter xeral e sen prexuízo do seu emprego de forma excepcional naqueles supostos en que se acredite a necesidade da súa utilización, garantindo en todo caso a adopción de medidas precisas para a minoración do seu impacto ambiental. Con data 20 de maio de 2013, o Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial formuloulle unha proposta á Presidencia para se autorizase o uso de glifosatos como complemento dos traballos de roza no tratamento da biomasa nas marxes das estradas. A xustificación da dita proposta é tanto técnica (dado que o glifosato é un produto fitosanitario autorizado pola comisión europea) e económica, estimándose que mediante o uso deste tipo de produtos se poidan alcanzar aforros próximos ao medio millón de euros. Para o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Grupo Popular a xustificación é clara e suficiente, baseada en estudos técnicos, tanto externos como dos propios técnicos da Deputación, que fixeron un traballo importante coordinados polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, don José Manuel González Sánchez. O Grupo Popular votará a favor deste protocolo. Sen ánimo de cuestionar os datos de ninguén, anuncia que vai dar algúns datos a título informativo, nos que apoian a súa decisión. Di que hai un uso xeneralizado destes produtos fitosanitarios, tanto para producións vexetais comestibles como non comestibles (todos sabemos o que se fai en determinadas comarcas desta provincia e como se fai). Tamén hai un uso xeneralizado nas estradas de todas as administracións públicas (central, autonómica, deputacións e concellos). A utilización destes produtos fitosanitarios está aprobada por organismos tales como a EPA (Axencia de Protección do Medio Ambiente americana), a OMS (Organización Mundial da Saúde), a Comisión Europea (Comité permanente da cadea alimentaria e da saúde animal), e tamén polo Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino. Dilles aos deputados da oposición que se non dispoñen dos informes elaborados lles serán facilitados. A aplicación deste modelo (que non quere dicir que sexa modélico) supón tamén importantes aforros nuns momentos económicos tan difíciles. Non podemos esquecer que a roza mecánica ten os seus problemas. Entenden que este modelo é sustentable (aínda que discutible) desde o punto de vista medioambiental, económico e da sociedade. O equipo de goberno da Deputación, así como os seus técnicos, decidiron dous camiños para a aplicación deste modelo: a formación do persoal e a aplicación do código de boas prácticas, recollidas detalladamente no Protocolo de xestión elaborado polos técnicos da Deputación.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, manifesta que como ben dixo o portavoz titular do Grupo Popular, a clave é a excepcionalidade, e tal e como se presenta isto de excepcionalidade ten pouco. É certo o aforro económico, e en canto a que o seu uso é xeneralizado, comenta que hai outros usos xeneralizados nos que esta Deputación dá exemplo no contrario. Non lles satisfai que se diga que este sistema estea aprobado pola EPA, por exemplo, tendo en conta os cartos que move a empresa que comercializa estes produtos e que todo é comprable con cartos. Hai estudos de organismos independentes que afirman que si que existe residuabilidade nos glifosatos, e será por algo, non será porque os ecoloxistas protesten por todo. Si saben que as rozas dan problemas, pero pensa que debemos seguir cos mesmos usos, que ata o de agora non deron problema. Se unha das medidas polas que se limpan as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

cunetas é o risco de incendios, a roza é máis efectiva que un tratamento químico, pois este tratamento deixa unha superficie limpa e libre de humidade, o que permitirá que arda máis facilmente que se se roza. Sen entrar en discusións cos técnicos da Deputación, aos que lles agradece o seu labor, hai que entender que desde moitos puntos de vista, isto non se dá collido nin con pinzas, porque non se presenta para utilizalo de forma casual en circunstancias concretas, senón que é para uso sistemático e co único fin de aforrar cartos. Supón que a empresa que vai formar ao persoal neste ámbito xa está elixida e en canto ao código de boas prácticas só serve para asinar un papel no que se recolla que as cousas se fixeron conforme con ese código, pero todos sabemos que a maioría das veces non se cumpre (non se utilizan máscaras, nin protección, nin control), así que este código non se pode utilizar para avaliar este protocolo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que se remite a informes de organismos independentes, nos que se recollen cuestións que fan que lles xurdan dúbidas razoables en canto á utilización destes produtos. Gustaríalle saber se os técnicos de prevención de riscos laborais están informados das persoas que van utilizar estes produtos, porque, sen discutir o seu labor, os técnicos non van botar o produto senón que serán os traballadores de a pé, polo que pide sentidiño.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non vai entrar en *chascarrillos* como os de se un é portavoz titular ou suplente. El é portavoz do Grupo Popular ata que o grupo queira, e el mesmo, porque xa se está cansando. En canto ao código de boas prácticas, o Sr. Iglesias Pérez está poñendo en dúbida algo que aínda non se fixo, pero ese é o seu lema, sempre “non”. Dá lectura a algunha desas boas prácticas recollidas no Protocolo, por se alguén non as leu: a todo o persoal que sexa designado para esta tarefa, coa colaboración do Negociado de Formación, facilitaráselle os coñecementos necesarios e os carnés pertinentes, segundo a lexislación vixente; solicitaráselle á Xunta a inscrición no rexistro de establecementos; en todo momento, revisaranse meticulosamente as condicións climatolóxicas existentes para a aplicación destes produtos; a Deputación tratará de informar sobre os efectos globais a todos os axentes sociais implicados e ao público en xeral, mediante campañas de sensibilización e a organización dunha xornada sobre a xestión da biomasa nas estradas; daráselles información detallada e con antelación aos concellos onde se vaia aplicar o produto fitosanitario, para o seu coñecemento e traslado aos habitantes; terase unha consideración

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

especial coas estradas provinciais que discorran dentro das áreas de denominación de orixe vitivinícolas (Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras); tamén se aplicará a mesma consideración especial aos espazos naturais proxectos da provincia de Ourense; queda terminantemente prohibida a aplicación de produtos fitosanitarios nas estradas que linden con explotacións agrogandeiras de carácter ecolóxico. Todas estas entre outras, porque os técnicos fixeron un traballo laborioso e minucioso que hai que ler. As alternativas que presenta o BNG son dúas: a primeira mediante vapor de auga, que consiste en inxectar chorros de vapor de auga a alta presión, ata arrincar a vexetación. Este método é utilizado na limpeza do balastro nas infraestruturas ferroviarias, onde un vagón especial aplica estes chorros sobre a superficie; é un método moi custoso por ter unha periodicidade curta e polas especificacións da maquinaria requirida; este método non é aplicable na limpeza de redes de estradas e descoñécese a súa aplicación neste país. O segundo método que propón o BNG é mediante lanzachamas, método que consiste en queimar a superficie para tratar, utilizando algún material comburente; este método ten un alto custo medioambiental porque afecta á fauna existente e provoca un aumento de emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, á parte dos grandes riscos que se asumen para o operario e as zonas lindeiras; tampouco se coñecen datos sobre a súa utilización na limpeza de redes de estradas neste país, se se utiliza noutro á parte de importar produtos, poderemos importar ideas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda que presentou o BNG, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8).

A continuación a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar o protocolo de xestión da biomasa no ámbito da rede de estradas da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2013, elaborado polo Servizo de Vías e Obras, autorizando expresamente o emprego de produtos fitosanitarios conforme co manual de boas prácticas recollido nas páxinas 31 e seguintes do dito protocolo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**13º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2013.-**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e seguidamente, e trala ratificación unánime da inclusión deste asunto na orde do día, a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2013 segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria do 26 de abril de 2013, modificando, a pedimento do Concello de Padrenda, o orzamento da obra n.º 51/POS/2013 denominada “Mellora eficiencia enerxética Ponte Barxas e outros”, quedando fixado este na cantidade de 41.300,00 €.

**14º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2013 E DO 1º ADICIONAL DE XANEIRO DE 2013.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de febreiro de 2013 e do 1º adicional de xaneiro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**15º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2013.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de febreiro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**16°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**- O Sr. presidente anuncia a presentación de dúas mocións, unha do BNG e outra do Grupo Socialista.

**16°A.- MOCIÓN DO BNG A PROL DO MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.**-

Trala unánime declaración da súa urxencia, por non figurar na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que expoña o contido da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que as recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do Partido Popular no Estado quere eliminar tanto os xulgados de paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos rexistros da propiedade. A proposta do goberno central avoga claramente pola desaparición dos xulgados de paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia”. Os xulgados de paz xogan un papel moi importante no achegamento da Administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custos económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades. No que atinxe á modificación dos rexistros civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito paralelo á desaparición dos xulgados de paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da propiedade. Dese xeito, un servizo ata o de agora gratuíto pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, “se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo”. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisen expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensións, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Por tanto, é evidente que as pretendidas reformas non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do rexistro civil. Por todo o anteriormente exposto, o BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado, relativa á supresión dos xulgados de paz e á asunción por parte dos rexistros da propiedade e das notaría das funcións dos rexistros civís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei. 2º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos xulgados de paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os rexistros civís. 3º.- Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galiza.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, di que como ben explicou o Sr. Rodríguez Puga, parece que temos un borrador de anteproxecto de lei co que o PP quere suprimir os xulgados de paz así como os rexistros civís que ata a data veñen xestionando. Isto supón un novo golpe de morte para a vida do rural. Dilles aos alcaldes que se sentan na bancada de enfronte que poden estar tranquilos porque isto non vai con eles. O ministro Ruíz Gallardón, pretende eliminar totalmente e para sempre os xulgados de paz, eses xulgados que veñen prestando un servizo público dende hai tantos anos, baseados na administración próxima, a súa supresión é un paso máis nas políticas de afastamento dos xusticiables da xustiza. É ben coñecida a importante función que veñen levando a cabo, con moi poucos medios ás veces, cooperando con todo tipo de tribunais na tramitación de exhortos, notificando, emprazando, citando, tomando declaracións, celebrando actos de conciliación, coñecendo en primeira instancia dos asuntos civís de contía non superior aos 90 €, instruindo e celebrando xuízos de faltas determinados, celebrando matrimonios civís, facendo funcións de rexistro civil, e incluso sendo membros da xunta electoral de zona. Evitando, en suma, que as persoas usuarias se teñan que desprazar á cabeza dos distintos distritos xudiciais, cos conseguintes custos que isto leva consigo, sobre todo na nosa Galicia rural caracterizada pola súa dispersión poboacional e cuns precarios e insuficientes medios de transporte públicos. Non podemos esquecer que en Galicia, existen tantos núcleos de poboación como no resto de España xuntos. A súa supresión sen máis, ao Grupo Socialista parécelle un erro histórico, recoñecen e defenden as súas funcións, aínda que consideran que procede unha reorganización deles, agrupando, por exemplo, as secretaría

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

dos pequenos municipios limítrofes, profesionalizando ao seu persoal e dotándoos de medios axeitados. Ela coñece non un, senón moitos xulgados de paz, precisamente polo desempeño da súa profesión, polo que pode dicir que non é un gran aforro a súa supresión, tendo en conta as retribucións que perciben os xuíces ou secretarios e secretarias dos xulgados de paz. Son retribucións trimestrais que varían a súa contía en función dos habitantes do concello, cifras que oscilan entre os 300 € os 500 €, desempeñan o seu cargo dun xeito case voluntario, prestándolle un valioso servizo a cidadanía. Para ilustrar pon o exemplo dunha persoa que viva en Montederramo e precise unha fe de vida para poder cobrar unha prestación do estranxeiro, teríase que trasladar ata o Xulgado do Barco, se por fin sae adiante a reforma da planta xudicial que parece propugnan os señores do PP, e que lle suporía a este veciño ou veciña, como non ten un medio de transporte público que una ámbalas dúas vilas, tería que alugar un taxi e pagar máis do que ía percibir ese mes pola pensión que ten recoñecida, non parece moi axustada esa medida. Baixo o pretexto do aforro económico, prodúcense múltiples atentados ao exercicio dos dereitos da cidadanía, isto empeza a ser xa insostible. Pos isto os socialistas denuncian para que se teñan en conta as necesidades das persoas usuarias, é ben sabido que o que se propón é un borrador dun anteproxecto, nin tan sequera proxecto de lei, e reivindicán que se boten ben os cálculos para que os señores do PP reconduzan os seus propósitos, pois aínda estamos a tempo. Ata aquí as súas reflexións en torno ao desatino que supón a supresión dos xulgados de paz. Queren dicirlles aos deputados do BNG, que aínda estando de acordo co espírito da moción presentada, sería moi recomendable formular dous mocións, unha por cada un dos temas, tendo en conta a transcendencia das materias para tratar. Polo que atinxe a modificación dos rexistros civís, estamos a falar dunha clara falta de ética e de estética. Lembra que no ano 2011 o Partido Popular estando na oposición, votou a favor da Lei do rexistro civil. Na súa tramitación aceptouse unha emenda para aprazar en 3 anos a súa entrada en vigor, polo que se faría efectiva no vindeiro ano 2014. Resulta polo tanto sorprendente que se queira reformar unha lei que obtivo o voto favorable do partido agora no goberno do Estado, e da que non se poden aducir problemas na súa aplicación, posto que a súa entrada en vigor aínda non se produciu. A reforma que se prevé, aduce argumentos de modernización e mellora do servizo na base da informatización e o uso de medios electrónicos, pero isto carece de sentido pois os rexistros civís están informatizados dende o ano 2000, e todas as inscricións anteriores a ese ano están dixitalizadas ata o ano 1950. Ambos procesos supuxeron un gran investimento público, de 129

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

millóns de euros, cantidade que paga toda a cidadanía, e ademais hai que dicir que é un dos servizos mellor valorados dentro da Administración de Xustiza. O goberno do Partido Popular non quere suprimir os rexistros civís, senón que sexan os rexistradores da propiedade os que veñan desempeñar as súas funcións. Servizos ata o de agora gratuítos, como solicitar unha certificación de nacemento, de defunción, de matrimonio, de filiación, de emancipación, etcétera, dos que a cidadanía fai uso con frecuencia, van deixar de selos e pasarán a ser de pago. É unha privatización en toda regra. Os rexistradores da propiedade non son sector privado, claro que non, realizan unha función pública pero non son administración pública. Cobran por arancel, teñen un interese privado e persoal. cobran pola función pública que realizan que vai directamente ao seu peto, non constitúe, pois, un ingreso público. A súa retribución económica non está incluída nos orzamentos xerais do Estado. Deste xeito gañan os rexistradores e perden os cidadáns. Chama a atención que na reforma proposta non se faga referencia ao que cobrarán os rexistradores por practicar as inscricións ou expedir certificacións. Ninguén do ministerio, nin do goberno do PP, informou sobre un tema fundamental, e os cidadáns teñen dereito a saber canto lle van a custar os servizos, e porqué pasaremos a pagar por un servizo gratuíto prestado polo Estado. O que si saben é que os cidadáns terán que acudir aos tribunais, pagando as inxustas taxas xudiciais, honorarios de profesionais, para protexer os dereitos fronte unha negativa do rexistrador a inscribir, pois xa non é posible instar un recurso administrativo. A reforma suporá, ademais, un incremento desproporcionado da burocracia, deberán inscribirse feitos que nunca ata o de agora estiveran suxeitos a inscrición. Os socialistas pregúntanse por qué ten tanto poder e capacidade de influencia un colectivo, para impulsar unha reforma legislativa que suporá a privatización dunha institución pública en interese propio. Tamén se preguntan por qué ningún membro do goberno do Estado se tomou a molestia de explicar os intereses públicos que a xustifican e os beneficios que a dita reforma lles reporta aos cidadáns. Espera que se lle responda.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, sen entrar nalgunhas das consideracións que se fan na exposición de motivos, o ánimo do grupo de goberno tamén é reivindicativo e no respecto que lles deben ás distintas administracións públicas, anuncia que van votar a favor dos acordos que se propoñen na moción. A Sra. Vázquez Blanco, que é unha gran especialista neste tema, fixo unhas preguntas nun foro que no é o adecuado, posto que os socialistas teñen representantes no Parlamento e a quen llas deberían facer é ao Sr. ministro de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

Xustiza. Dá lectura a un informe para que queden claras algunhas consideracións ao fío do que se dixo, que máis ben parece que é para que a cidadanía quede con algo que nada ten que ver coa realidade. Ao día de hoxe o goberno non aprobou, nin tan sequera ten, un anteproxecto de reforma da Lei orgánica do poder xudicial ou do rexistro civil, polo tanto é máis que precipitado pronunciarse sobre os borradores (como di o BNG na súa moción). Convén agardar a que o goberno presente un proxecto de lei ante as Cortes Xerais, para coñecer o verdadeiro contido e alcance das reformas. O Ministerio de Xustiza ten anunciado a súa vontade de aprobar unha reforma integral dos rexistros, que viría a deseñar un novo marco organizativo e funcional, caracterizado pola unificación dos rexistros máis relevantes do ordenamento xurídico español (civil, mercantil, da propiedade, de bens mobles, de contratos de seguros de cobertura de falecemento, de fundacións de ámbito estatal e de actos de última vontade) e polo establecemento dun sistema de levanza dos rexistros por medios electrónicos a través dos rexistradores da propiedade e mercantís (desxudicialización da súa levanza, é dicir, deixan de depender dos xulgados e tribunais). Ao quedar unitariamente organizados todos estes rexistros baixo un mesmo sistema de xestión rexistral, simplificaranse estes procedementos, producirase un aumento da seguridade xurídica e unha mellora na conectividade e operatividade cos demais órganos da administración. En canto á desxudicialización da levanza dos rexistros, esta medida non sería unha novidade introducida por este goberno, senón polo goberno socialista. Na pasada legislatura o Partido Socialista Obreiro Español, a través do ministro galego Sr. Caamaño, aprobou a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil (publicada o 22 de xullo do mesmo ano) e que aínda non está en vigor, xa que nela se estableceu un período de *vacatio legis* de tres anos, dada a complexidade e o cambio radical que esta supón respecto do modelo anterior. Dá lectura (en castelán para non trabucarse, xa que son artistas da linguaxe) ao que se establece na exposición de motivos da lei: *“La modernización del Registro Civil también hace pertinente que su levanza sea asumida por funcionarios públicos distintos de aquellos que integran el poder judicial del Estado, cuyo cometido constitucional es juzgar y ejecutar lo juzgado. Esta ley deslinda con claridad las tradicionales funciones gubernativas y judiciales que por inercia histórica todavía aparecen entremezcladas en el sistema de la Ley de 1957 y aproxima nuestro modelo de Registro Civil existente en otros países de nuestro entorno, en los que también se ha optado por un órgano o entidad de naturaleza administrativa con el fin de prestar un servicio público de mayor calidad. La desjudicialización del Registro Civil impone la derogación ....*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

(cita o que hai que derrogar). Neste sentido, convén sinalar as declaracións formuladas no seu día polo entón ministro Sr. Caamaño: “*En ningún país el sistema de un Registro está en manos de los jueces*”. Esta lei aprobada polo goberno socialista, tamén contempla un cambio na arquitectura territorial deste servizo, na que os xulgados de paz deixan de levalo, xestionándose en cada comunidade autónoma por unha soa oficina xeral de rexistro civil, podéndose crear outra máis por cada 500.000 habitantes. En canto á crítica de que os rexistradores leven esta xestión, esta medida iría na liña dunha emenda que presentou Izquierda Unida á citada lei. No referente á posibilidade da aplicación dalgún mecanismo de taxas ou aranceis para determinados trámites e certificacións, non existe coñecemento expreso de cales nin cantas poderían ser as operacións rexistrais afectadas por algún sistema de cobro, nin o baremo das posibles tarifas se as houbera. Polo tanto, non se poden adiantar acontecementos nin manipular á opinión pública, porque ao final pasa factura.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que el tamén vai dar datos, porque isto é ilustrativo e cando un é profano na materia se ten que informar para saber o que di. Os xulgados de paz son considerados o primeiro chanzo dentro da administración de xustiza, cuxas competencias en materia civil son coñecer en primeira instancia o fallo e execución de asuntos de contía non superior a 900 euros, que pola súa materia non lles corresponden aos xulgados mixtos (1ª Instancia e Instrución). Tamén teñen competencia en materia civil nos actos de conciliación, labores de cooperación e auxilio xudicial e exhortos civís, como xa se mencionou. En materia de rexistro civil, levan a custodia dos libros de rexistro, expedientes, celebración de matrimonios civís, inscricións de nacemento, defuncións, notas marxinais, incapacidades, expedición de todo tipo de certificación en extracto e literais, inscricións, capitulacións, etcétera. En materia penal, coñecemento de fallo de primeira instancia de determinados xuízos de faltas, xuízos de faltas menos graves como insultos, coaccións ou algún tipo de ameazas, auxilio social, exhortos, auxiliar a outros xulgados que demanden actuacións de prevención por delegación e outras funcións. A eliminación dos xulgados de paz supón a desaparición destes servizos para os veciños do rural, veciños de concellos que non teñen xulgado de 1ª instancia e instrución, xa que se terán que desprazar aos xulgados de cabeceira dos distritos xudiciais para facer estes trámites que agora podían facer nos seus concellos sen ter que desprazarse. En canto ás taxas xudiciais e a privatización dos rexistros civís -é verdade que isto aínda non se aprobou, pero hai un dito romano *si vis pacem para bellum* (se queres a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013**

paz, prepara a guerra)- se isto entra en vigor haberá que pagar se solicitas un certificado de defunción, por presentar unha demanda de divorcio; os custos para reclamar contra a banca polas Preferentes non serán asumibles; haberá que pagar por tramitar unha nacionalidade; se a administración expropia unha vivenda que vale, por exemplo, 300.000 euros e haberá que pagar 2.000 €; unha persoa que quede tetraplética nun accidente de tráfico, vai ter que aboar un mínimo de 3.000 euros para defender os seus dereitos, e todo iso non inclúe os custos de avogados e procuradores. En canto á liquidación por traspaso que pretendería facer o Sr. Gallardón na Administración de Xustiza os datos son os seguintes: o rexistro civil é público e gratuíto desde a súa creación no ano 1870. O ministro de Xustiza quere privatizalo e que sexan os rexistradores os que leven o rexistro civil e se sucede tal cousa suponse que haberá que pagar, como mínimo, entre 20 e 30 euros polas partidas de nacemento, matrimonio, defunción, etcétera. Compre lembrar que as aplicacións informáticas dos rexistros civís lles custaron a todos os españois uns 130 millóns de euros e que se porán, gratuitamente, a disposición dos señores rexistradores. Os funcionarios que levan o rexistro civil continuarán nos xulgados, polo que esta medida non suporá ningún aforro. Hai que ter en conta que o presidente do Goberno e dous dos seus irmáns e a nora do Sr. Gallardón son rexistradores da propiedade. En España hai un total de 800. O “lobby” rexistral dos irmáns Rajoy, que xa reclamara ao anterior goberno a entrega dos rexistros civís de forma que ese servizo público pasase a ser outro negocio privado de explotación comercial dos rexistradores da propiedade. Os rexistradores prestan un servizo público en réxime de monopolio e perciben as súas retribucións directamente dos usuarios privados e públicos. O beneficio industrial dos rexistradores da propiedade en cada un dos seus rexistros é do 60% e coa asunción do rexistro civil, as ganancias estimadas para repartir entre 800 rexistradores, achégase aos 180 millóns de euros máis ao ano (225.000 euros para cada un deles ao ano). Eses 180 millóns de euros pagarémolos todos en forma de arancel rexistral. Compre lembrar tamén que en Europa os rexistradores son asalariados do Estado. A lexislación hipotecaria aprobada por Mariano Rajoy sendo ministro de Administracións Públicas con Aznar, lexitimou a posibilidade de que un deputado ou un ministro poidan seguir sendo titulares dun rexistro da propiedade, tendo a un compañeiro que lle leve o rexistro mentres el está na política. Segundo unha denuncia feita pola Asociación de Usuarios de Rexistros, o Sr. Rajoy mantén a praza como rexistrador en Santa Pola, que lle procurou uns 20 millóns de euros.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, celebra que estean todos de acordo e di que están aquí para poder parar esta inxustiza. O Sr. Álvarez Dobaño acaba de ler un parágrafo da Lei do rexistro civil na que se intentou a súa dexudicialización, porque o Partido Socialista entendeu que era un modelo anticuado que había que superar. A afirmación que fixo o portavoz do Grupo Popular é totalmente falsa, posto que a dexudicialización foi un dos aspectos máis importantes da Lei do ano 2011, porque lles atribuíu competencias aos funcionarios públicos e secretarios xudiciais tras superar un concurso público, esixindo, en ambos casos, un nivel alto de formación e experiencia profesional. O único que dan a entender os señores do Partido Popular e que lles queren entregar aos rexistradores da propiedade o privilexio de poñer nas súas mans un rexistro que ten unha función pública. Isto só é un negocio e hai que ter en conta que son 800 os rexistradores da propiedade que existen no noso país e que se van repartir millóns de euros. Aínda non sabemos canto nos van custar todos eses trámites. O mérito do ministro de Xustiza, o Sr. Gallardón, é unir a todos os operadores xurídicos en contra dunha reforma que non comprenden. Hai un mes que se uniron os rexistradores da propiedade nunha asemblea en Zaragoza e a maioría dos asistentes votaron que non queren asumir esas funcións, dado que non saben cómo e canto vai custar o servizo porque o goberno non o explicou. Todos van votar a favor da moción, polo que lle dá a benvida ao bo camiño ao grupo de goberno.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que isto parece un diálogo de xordos. O que pretende a oposición é crear alarma social coas premisas do que pasará, falando de algo que non existe e que xa dan por feito. Cre que xa está todo falado e dille ao Sr. Rodríguez Puga que mesturou allos con bugallos, e que tiveron tempo suficiente de cambiar a lei da que se falou, porque noutras cousas apoiaron ao goberno socialista. Pensa que o foro para isto é outro, pero de todos os xeitos e segundo os medios de comunicación, o propio Ministerio de Xustiza ten asegurado que xestións como a inscrición de nacementos e as actas de defunción (que significan dous terzos das xestións actuais no rexistro civil) seguirán sendo gratuítas; non obstante, actos que non teñen un carácter obrigatorio, como os cambios de nome ou de apelidos, poderían ter unha taxa, como ocorre con outras xestións como pode ser a renovación do DNI ou do pasaporte. Por outra banda, e no relativo á demarcación da planta xudicial, polo momento só hai unha proposta dunha comisión de expertos, que debuxa a organización xudicial sen audiencias provinciais, nin xulgados (tamén os de paz),

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

substituíndoos por uns chamados tribunais de instancia. Segundo o ministro (tras unha reunión co presidente da FEMP) en ningún caso implicará a desaparición ou peche dos xulgados existentes nos distintos municipios, porque non quedará ningunha infraestrutura sen utilizar e aproveitaranse todas as existentes. Está a falar dun estudo duns profesionais expertos, que non ten carácter lexislativo ningún, e que está destinado a ser debatido nos foros xurídicos e sociais. En conclusión, a posición actual do grupo de goberno é facer unha aposta por unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, e só cando se coñeza o texto definitivo do anteproxecto ou proxecto de lei, que neste momento non é ningunha das dúas cousas, poderanse pronunciar en detalle sobre o contido real da proposta de reforma. O contrario é intentar manipular e despois a xente pasa factura.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, congratúlase de que se apoie a moción e isto é unha mostra de que o BNG tamén achega iniciativas (no día de hoxe dúas mocións). En canto a ladaíña á que recorre sempre o Sr. Álvarez Dobaño, di que cando o BNG apoiou ao Partido Socialista foi sempre en interese de Galiza, algo que non entende o Grupo Popular, porque segundo os intereses partidarios votan unha cousa aquí e todo o contrario en Madrid. Cada vez que o BNG apostou por cousas que defendía o PSOE era porque traían beneficio para o país, algo que non pode dicir o PP. Para finalizar reitera o agradecemento polo apoio manifestado.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado –relativa á supresión dos xulgados de paz e á asunción por parte dos rexistros da propiedade e das notarías das funcións dos rexistros civís, instando ao Goberno do Estado para a inmediata retirada deste anteproxecto de lei.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno Central o mantemento dos xulgados de paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os rexistros civís.

3º.- Darlles traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galicia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**16ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ELIMINACIÓN DE PARTE DO SERVIZO DE ENFERMERÍA EN DIVERSOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC) DA PROVINCIA.-**

Trala unánime declaración da súa urxencia por unanimidade, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** comeza a súa intervención referíndose ao punto anterior pero que ten que ver con este. Di que hai cousas do Partido Popular que son sorprendentes, votan a favor dunha iniciativa e ao mesmo tempo din que non vai ocorrer nada do que se di en tal iniciativa, e se votan a favor será porque teñen medo de que ocorra. Non presume de ser intelixente, pero os labregos da linguaxe ás veces insultan á intelixencia. A moción que nos ocupa é o contrario, porque xa está feito, obviando os mecanismos adecuados e, aleatoriamente e como lles dá a gana, eliminan unha das persoas adscritas a un servizo. Isto é unha auténtica vergonza, o Partido Popular formula unha cuestión tan economicista como a seguinte: hai dous enfermeiros en quenda de fin de semana e suprimen un. Cada vez que o Partido Popular fala de sanidade supón un risco de saúde pública para as persoas. Nesta Corporación hai algún médico e pídelles que se imaxine que teña que atender urxencias nun PAC onde hai o mesmo número de tarxetas sanitarias que hai 15 anos e as urxencias, máis ou menos, veñen sendo as mesmas, e non ten o reforzo adecuado e non hai enfermeiro que poida cubrir as atencións domiciliarias, significaría que os veciños que teñan que ser atendidos nos seus domicilios quedarán sen este servizo de venres a luns. Pregúntalle ao grupo de goberno que lles parecería se teñen unha persoa na casa cun problema grave e quedase desatendida. Isto non é unha forma de aforrar cartos. Unha das formas de aforrar cartos sería apagando a metade dos farois que hai fóra do PAC e así xa terían para pagar o soldo do enfermeiro da fin de semana. Reitera que isto é unha vergonza, a non ser que se agochen outras causas. Espera que a Corporación en pleno vote a favor da iniciativa que presentan, porque a realidade é que isto xa é un feito consumado e pola porta de atrás, pero foron dar cun concello que non vai calar ante isto e non o van conseguir. Xa puxeron en marcha unha campaña de sinaturas e nun día xa conseguiron un montón delas, porque esta medida afecta a máis de 18.000 persoas da comarca, que van quedar cunha soa persoa para que atenda o PAC. Deberíalle caer a cara da vergonza á persoa que asinou a eliminación dun dos enfermeiros. Á parte de afectar á comarca de Ribadavia, esta medida tamén afecta a comarcas nas que ten a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

maioría o Partido Popular e vai afectar, sobre todo, en concellos máis pequenos. Gustaríalle ter debatido este tema noutra hora do día, para que os xornalistas se fixeran eco do asunto, porque este é un tema moi serio. No Concello de Ribadavia isto non o van conseguir porque van ir polas boas ou polas malas, porque se algún veciño sofre un problema grave por non ser atendido no seu domicilio, o Grupo Socialista acudirá á Xustiza e alá cada quen coa súa responsabilidade, porque están xogando coa vida das persoas. Antes falouse de aforrar cartos coa roza ou da dilapidación de cartos públicos que se fixo noutro eido, pero agora estamos a falar da saúde das persoas e o seu grupo xunto cos alcaldes da comarca non o van permitir, porque detrás disto virán cousas máis graves.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, anuncia que están a favor da moción e di que hai que ter en conta que se se quita ese/a enfermeiro/a do PAC, o que quede non vai poder estar en dous sitios á vez. Estase a xogar coa saúde das persoas e se somos un pouco alarmistas, estase a xogar coa vida das persoas. Estamos a falar de novo do medio rural, onde hai persoas maiores que teñen tratamentos e con dificultades para trasladarse. As razóns coas que a Consellería defende esta medida son: unha puramente economicista, cuestión perfectamente rebatible por canto o aforro previsto, en termos de custo económico, é mínimo e chegando a producirse o paradoxo de que ante unha posible emerxencia, a única posibilidade sería recorrer ao 061, ou incluso ao helicóptero, co que o pretendido aforro que se busca por un lado, se dispara polo outro. A outra razón é que non hai volume de traballo suficiente que xustifique a presenza de dous enfermeiros/as nos PACs, algo que é absolutamente falso. Por outra parte, as persoas non deciden poñerse malas un determinado día e nun número concreto, polo que haberá, segundo as diversas circunstancias, picos nos que hai máis visitas ao PAC para consultar as súas doenzas. Estamos ante un novo ataque á sanidade pública e aos seus profesionais, que van sufrir a ira dos pacientes porque son os primeiros que van aguantar as denuncias e a crítica. Pide que entre todos poidan revertir esta situación.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pide respecto pola democracia e non dicir cousas só cando interesa. Hoxe parece que á oposición lle molesta que lles aproben as mocións porque non teñen tanta resonancia nalgúns medios de comunicación, pero, como sempre, pau se remas, pau se non remas, mal se apoias e sen non apoias tamén. Antes apoiaron algo que é futurible e pode ser, como xa deixou claro, pero non están de acordo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013**

con que a oposición alarme dicindo que existe algo que non existe. Adianta que tamén votarán a favor desta moción e vai dar datos do SERGAS, cuestionables ou non, pero son absolutamente certos. Tras a análise detida das cargas asistenciais nos PACs da provincia durante o ano 2012, en xornada de domingos e festivos, na quenda de 8.00 a 15.00 horas e en relación tanto ao número de tarxetas individuais (TIC) como a área de influencia que atende cada PAC, contabilizada en quilómetros cadrados, di o seguinte: con relación ao número de TIS que teñen adscritos e a área xeográfica que atende, hai catro modalidades de PACs: 1º.- PACs con menos de 11.000 TIS e un área de influencia de menos de 300 quilómetros cadrados: Allariz, Maceda e A Pobra de Trives. 2º.- PACs con menos de 11.000 TIS e un área de influencia de entre 300 e 500 quilómetros cadrados: Bande, Castro Caldelas, Coles e Viana do Bolo. 3º.- PACs con número de TIS de aproximadamente entre 16.000 e 17.000 e un área de influencia aproximada de entre 400 e 500 quilómetros cadrados: Ribadavia e Celanova. 4º.- PACs con máis de 20.000 TIS e un área de influencia superior a 400 quilómetros cadrados: O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo e Verín. Con relación ás cargas asistenciais, no tramo estudado (domingos e festivos), atopámonos: 1º.- PACs que teñen menos de 10 pacientes/día no tramo horario de 8.00 a 15.00 horas: Bande, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Viana do Bolo. 2º.- PACs que teñen entre 10 e 20 pacientes/días no mesmo tramo horario: Allariz, Coles e Maceda. 3º.- PACs que teñen entre 20 e 23 pacientes/día no mesmo tramo horario: con TIS entre 26.000 e 29.000, Verín e O Barco de Valdeorras; con TIS entre 20.000 e 25.000, O Carballiño e Xinzo de Limia; e cun número de TIS inferior a 18.000, Ribadavia e Celanova. En conclusión, con cargas asistenciais inferiores a 23 pacientes/día, con número de TIS inferior a 18.000 e un área de influencia inferior a 500 quilómetros cadrados, o SERGAS entende que non se xustifica a presenza de dous profesionais da enfermería no tramo estudado (domingos e festivos), polo que entende (o SERGAS) que se debe facer unha redistribución de recursos humanos nos PACs de Celanova e Ribadavia. Fala desde o punto de vista do SERGAS, que é a quen lle corresponde dar estes datos, quen pensa que se o tempo dedicado as asistenciais de enfermería programadas no PAC se atopa nunha media inferior a 10 minutos por paciente, polo que se a media de atencións, neste tramo horario (de 8.00 a 15.00 horas) é de 22 pacientes, unha xornada de 7 horas sería suficiente para a realización desta actividade asistencial por parte dun só profesional. Lembra que toda a actividade urxente dos PACs é coordinada a través das Urxencias Sanitarias de Galicia (061) e que o traballo que queda programado para a fin de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

semana polos distintos centros de saúde do servizo, e que non precise unha atención diaria, debe realizarse os sábados en horario de 8.00 a 15.00 horas, xa que nesta quenda de xornada ordinaria hai dous profesionais da enfermería, como ven sendo habitual. Por último, o SERGAS entende que a calidade na asistencia aos pacientes está garantida neste tramo horario, ao igual que nos outros tramos horarios onde hai un único profesional de enfermería, garantindo así un bo uso dos recursos humanos, acorde coas necesidades da poboación en cada momento. Reitera que estes son argumentos do SERGAS para esa reestruturación e á marxe disto, o Grupo Popular está a favor do que se propón na moción, e espera que non se enfaden polo seu apoio.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que non se enfadan porque apoiem a moción, pero están apoiando algo do que non están convencidos, porque os argumentos dados así o poñen de manifesto. O Grupo Popular contradíse, porque segundo o seu portavoz os argumentos que valen son os do SERGAS, que son contrarios aos que se utilizan na moción e resulta que apoian a moción, isto é outro insulto á intelixencia. Isto é igual que cando antigamente se lle dicía a unha rapaza: “*¿quieres saír comigo? Me caes moi ben*”. Falando en serio, di que o SERGAS está medindo as cousas por quilómetros cadrados e di que non se poden poñer enfermas máis de 10 persoas, e pregunta que pasaría se se poñen enfermas máis de 10. Ao Concello de Ribadavia chamou alguén (non vai dicir quen) para dicirlles que tiveran paciencia e que non empezasen con algo que ao mellor era alarmar. Saben que xa queren empezar esta fin de semana pero adianta que eles van parar isto, xa sexan 18.000 ou 15.000. Estamos a falar de persoas e o SERGAS poderá dicir misa se quere. Pregúntenlle a algún médico (por exemplo ao Sr. Freire Couto que agora se vai ter que incorporar novamente ao seu traballo) que teña que ir atender a un domicilio e non dispoña de persoal de enfermería, se vai ir sen ese persoal. Tampouco se pode medir por quilómetros cadrados, porque non é o mesmo unha urxencia en Avión e noutro lugar máis próximo. Isto non é cuestión de máis ou menos persoas, isto é unha burrada, porque qué supón un soldo dun domingo e un sábado. Reitera que hai outras formas de aforrar, como o de apagar as luces, porque os pacientes prefiren ter servizo no centro de saúde que ter luz para entrar. Agradece o apoio pero pide que o apoio sexa verdadeiro e sentindo o que se di. Respecta a democracia e que os cidadáns digan quen ten que gobernar, pero pensa que os votos non amparan todo. Pensa que tamén habería que reflexionar por qué hai algúns que a democracia lles permite facer festas do “Bunga Bunga” e aínda así os cidadáns os votan.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Gómez Pérez que non fale de festas, porque é un tema perigoso e hai que esperar a ver se lles votan a algúns que as organizan. Dálle a impresión de que ao Sr. Gómez Pérez non lle gustou que se apoiase a moción. O Grupo Popular entendeu que debía apoiar a moción porque está convencido disto, se non fose así non a apoiarían. En canto a que defendeu os criterios do SERGAS di que isto non é así, só se limitou a dar lectura a un informe da Xerencia do SERGAS no que se apoia a decisión tomada. En canto ao aforro, di que non sabe qué criterios seguiu o Partido Socialista cando gobernaba nesa área e suprimiron unha praza de médico en Vilardevós, onde precisamente gobernaba un alcalde do PSOE, ou outro en Trasmiras.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que ao mellor o que ten que facer o Grupo Popular é reprobar aos deputados do seu partido no Parlamento de Galicia, porque non comparten as decisións que toman. En canto ao aforro, di que el está falando dun caso concreto e isto non o está a facer o bipartito que non goberna. Lembra unha pregunta que xa ten feito moitas veces, e é que lle digan unha soa lei no ámbito do social, educativo ou doutro eido que afecte ás persoas que aprobase o Partido Popular. Un exemplo que fixo o Partido Socialista é a actual Unidade Hemodinámica de Pontevedra. Reitera que habería que facer unha reflexión de por qué os cidadáns lles permiten a uns unhas cousas e a outros non.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar a eliminación que fai a Consellería de Sanidade de parte do servizo de enfermería nos Puntos de Atención Continuada de Ribadavia e Celanova.

2º.- Darlle traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade.

**17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente anuncia que hai unha pregunta escrita formulada polo Sr. Gómez Pérez, ao que lle dá a palabra.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que a pregunta se refería á vida laboral nesta institución dun traballador en concreto.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

O **Sr. presidente** responde, á primeira pregunta sobre o ano no que comezou a relación laboral do traballador coa Deputación, que foi no ano 2006. Á segunda pregunta, de cales foron os distintos postos de traballo que desenvolveu segundo a RPT desde o comezo da relación laboral ata o día de hoxe, di que foron tres postos: oficial de administración, xestor de recursos humanos, e o que desenvolve na actualidade é xestor de documentación.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que como o Plan Ourense 92 é un plan, supón, vivo, roga que se lle engada na redefinición do INORDE o cambio de presidente e a anulación de axudas de custo, porque non vén recollido.

O **Sr. presidente** di que se alegra de que consultase o Plan Ourense 92, que está a súa disposición tanto en galego como en castelán, 363 días despois de que fose presentado, e di que isto non é unha modificación do Plan senón que entraba dentro da filosofía dunha das súas actuacións.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza con respecto ao ERE, pregunta se esta Deputación presentou recurso; pregunta tamén cal é a decisión da Presidencia no hipotético caso de que o recurso non prosperase e se se vai optar pola readmisión dos traballadores ou pola indemnización; no caso da indemnización pregunta de qué monto económico estaríamos a falar. Por último, pregunta se esta Deputación, dentro da nova política actual, vai acometer un novo proceso de despedimento, e de ser así a cuántos traballadores afectaría e qué prazos se barallan.

O **Sr. presidente**, empezando polo final, responde que esta Deputación non ten previsto ningún novo proceso de despedimento. En relación co expediente de despedimento colectivo di que se anunciou dentro do prazo que se ía interpoñer o recurso de casación, a día de hoxe aínda non está formalizado, e haberá que esperar a que se revolva o dito recurso para contestar o que se fará nese momento, porque cando un recorre faino pensando que se lle vai facer caso.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, di que no mes de febreiro se acordou o aboamento á directora do Teatro Principal de 620,22 euros por asistir a unha reunión da Xunta Directiva da Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de titularidade pública en Madrid. Isto durou seis días (de venres a mércores), e a pregunta é, porque non o entende moi ben, para que se lles aclare se isto tamén inclúe os gastos da fin da semana, polo que solicitan as facturas para ver se o conseguen entender.

O **Sr. presidente** di que toma nota da pregunta e que responderá por escrito.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2013</b>
--

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista,** di que recentemente saíu a concurso o combustible para o Parque Móbil da Deputación de San Cibrao e o Grupo Socialista pensa que este procedemento se podería estender ao resto do parque móbil de toda a provincia, polo que instan á Presidencia para que se faga dese xeito.

O **Sr. presidente** di que no Plan Ourense 92 tamén vai incluída esta cuestión, polo que pide que lean o dito plan e así evitarían facer algunhas preguntas. Desde hai uns meses se está poñendo en marcha unha central de compras da Deputación para que modelos como este sexan máis eficientes, reducindo os custos ao máximo posible e prestar un mellor servizo público.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** pregunta se o Sr. presidente ten coñecemento dalgunha actuación das brigadas da Deputación ou de operarios desta casa, o pasado venres día 24 no Centro Ecuestre de Antela, con motivo dunhas probas deportivas. Pregunta tamén se desde esta Deputación se fixo algunha achega con recursos económicos ou de persoal.

O **Sr. presidente** responde que o Centro Ecuestre está xestionado de forma indirecta por unha empresa e ningunha brigada da Deputación estivo alí facendo ningún tipo de cometido.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** rógalle que se informe ben, porque ao parecer si houbo alguén desta institución traballando alí.

O **Sr. presidente** responde que se realmente coñece quen foi que llo diga, para actuar en consecuencia.

E, ás 15:00 horas do citado día trinta e un de maio de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**